

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

WE
in the **WORLD** 2015

NÓS NO MUNDO

INFORME ANUAL
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

Unha acción exterior descapitalizada



Unha acción exterior descapitalizada

DIRECCIÓN:
Xulio Ríos

EQUIPO COLABORADOR:
José Blanco López
Celso Cancela Outeda
Constantino Cordal Rodríguez
Jesús Gamallo Aller
Valentín García Gómez
Daniel González Palau
Alvaro Xosé López Mira
Xoán López Facal
Francisco Millán Mon
Ana Miranda
Alba Nogueira
David Reiner
Pilar Rojo Noguera
Enrique José Varela Álvarez

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA:
PositiBos.com

ISSN:
1989-9149

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.
The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

Índice

- 4** **Presentación**
- 5** **A descapitalización da acción exterior galega**
Xulio Ríos
- 8** **A Axenda Exterior de Galicia**
Jesús Gamallo Aller
- 12** **Novidades e perspectivas na Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal. A cuestión da mobilidade transfronteiriza**
Constantino Cordal Rodríguez e Enrique José Varela Álvarez
- 16** **Galiza ante o imperativo do crecemento e a reconfiguración económica internacional**
Xoán López Facal
- 20** **Entre as crises e o novo Plan Director 2014-2017**
Daniel González Palau
- 23** **A diversidade lingüística de Europa e a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias**
Valentín García Gómez
- 26** **A Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias. O paradoxo dunha norma invulnerable con reiterada vulneración dos compromisos**
Alba Nogueira
- 31** **O discurso da oposición non calla no exterior**
David Reinero
- 34** **Galicia e a política de cohesión 2014-2020: reorientando o rumbo**
Celso Cancela
- 39** **Presidencia galega da CALRE 2014. Balance e perspectivas**
Pilar Rojo Noguera
- 43** **A presenza galega no Parlamento Europeo tralas eleccións de 2014**
Álvaro X. López Mira
- 46** **Que esperamos de Europa?**
Francisco Millán Mon, José Blanco López, Ana Miranda
- 53** **Autores/as**

Presentación

Esta sexta edición do Informe Anual sobre a Acción Exterior de Galicia, inclúe reflexións sobre diferentes aspectos que inclúen tanto a vixencia do concepto en si no actuar da Xunta de Galicia (**Xulio Ríos**), a valoración oficial da súa axenda (**Jesús Gamallo Aller**), a súa expresión concreta no marco da presidencia da CALRE (**Pilar Rojo**), pero tamén achegas concretas relacionadas con manifestacións singulares neste ámbito como a mobilidade transfronteiriza (**Constatino Cordal e Enrique José Varela Álvarez**) ou as políticas de cohesión (**Celso Cancela**). A maiores, tres temas significamos nesta edición. En primeiro lugar, unha visión autocrítica do estado da cooperación internacional ao desenvolvemento (**Daniel González Palau**), a situación do galego e a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas (**Valentín García**

Gómez e Alba Nogueira) e as expectativas que suxire a nosa presenza no Parlamento europeo tralos comicios de 2014 a partir dun cuestionario que quixemos compartir con desigual éxito con representantes do PP, PSOE, AGE –Lidia Senra declinou- e BNG. Por último, **David Reineiro** reflexiona sobre a empatía da oposición coa acción exterior á vista do ton do último debate do Estado da Autonomía e **Xoán López Facal** introdúcenos nos matices e grandes trazos da estratexia de internacionalización 2020.

A todos e todas agradecemos a súa colaboración nesta nova entrega que aspira a manter vivo o debate construtivo e non por iso auto compracente sobre a necesidade de consolidar a acción exterior como unha política pública e compartida entre os actores políticos e entre estes e a propia sociedade civil.

Xulio Ríos

A descapitalización da acción exterior galega

En 2014 cumpríronse dez anos da publicación do “Libro Branco da Acción Exterior de Galicia”, unha iniciativa que, impulsada polo IGADI, permitía, por primeira vez, na historia contemporánea da nosa Terra plasmar un detallado horizonte estratéxico para a nosa presenza no mundo, desde unha perspectiva tan plural como rigorosa e cunha folla de ruta capaz de abarcar as mais diversas áreas de actuación. Foi, ademais, daquela, un instrumento vanguardista no marco das autonomías españolas, formulando o posicionamento de Galicia como unha autonomía no mundo, capaz, ao tempo, de desenvolver a súa paradiplomacia con lealdade ao Estado e con vontade de enriquecer a acción diplomática do goberno central. Aquela reflexión-proposta foi posible con unha Xunta de Galicia presidida por Fraga Iribarne e cunha maioría absoluta do Partido Popular. Hoxe, unha década despois, con un goberno da mesma formación, semella sen embargo que estamos a anos luz daquel tempo.

A acción exterior da actual Xunta de Galicia representa a negación mesma do concepto esbozado naquel Libro, que desgusta profundamente nos actuais cenáculos presidenciais. A primeira característica da deconstrución operada neste plano é a súa fragmentación: non hai, non interesa, unha visión integral da acción e presenza de Galicia no mundo, pasando a desandar o camiño e regresando aos compartimentos estancos, a inexistencia de coordinación e a mingua colectiva. En segundo lugar, a insistencia na internacionalización empresarial

como única razón de ser dun acompañamento institucional e político no exterior, isto é, só admisible e pertinente en atención ás demandas empresariais entendidas estas no sentido máis rutinario e restritivo. En terceiro lugar, a dependencia da captación de recursos comunitarios, renunciando a calquera outro enfoque que visibilice unha política europea global que faga de Galicia un suxeito singular na construción da Europa dos pobos. En cuarto lugar, a desvinculación de calquera proxección identitaria (vade retro!), negativamente asociada a reivindicación nacionalista, descualificando así calquera idea de marca propia que só podería basearse na nosa singularidade como comunidade, o cal non necesariamente debe traducirse en termos políticos en ideario nacionalista. En quinto lugar, a confrontación maniquea entre unha visión integral e integrada da acción exterior e ese hipotético modelo descapitalizado presentado como paradigma da racionalidade e da eficiencia. Por último, unha submisión incondicional e acrítica ao ditado diplomático do goberno central. Indubidablemente, cabe respectar a competencia do Estado en materia de relacións exteriores, pero igualmente procede reivindicar unha co-definición e co-xestión da acción exterior do Estado en base a principios e orientacións compartidas coas súas estruturas político-territoriais.

A síntese do proceso vivido nos últimos anos cabe resumila nunha plena descapitalización de Galicia nun ámbito onde conseguimos éxitos significativos e importantes, froito dunha

sensibilidade pública que foi capaz de comprender as transformacións operadas no noso entorno e converxer coa sociedade civil para formular as bases dunha alianza por Galicia no eido exterior. Ese retrato, que en boa medida nos situaba na vangarda no Estado en temas nos que habitualmente vamos a remolque, con capacidade para xerar propostas xenuínas e para acompañar e reforzar a política exterior do goberno central foi desdebuxado co dobre argumento da economía: en negativo, cualificando de excentricidade e desbalde a acción exterior das comunidades autónomas, na antítese do pragmatismo e a eficiencia, cando non expresión dun criptoindependentismo fóra de lugar; en positivo, sinalando que esta só pode ter sentido cando se exerce de modo “neutral” e en apoio de determinados segmentos do tecido empresarial local.

Houbo algún conflito destacable protagonizado por Galicia que xustificara esta viraxe? Cambiou o mundo tanto como para argumentar esta espiral recentralizadora e descapitalizadora?

O retroceso experimentado nesta década no plano oficial, non imputable directamente á crise senón a unha concepción política negadora deste ámbito da acción pública que desandou co argumento da crise, camiña a contracorrente das grandes tendencias globais. En todos os países, tanto nos mais como nos menos avanzados, está presente a necesidade de actuar transcendendo con ambición o marco das fronteiras tradicionais. O que acontece coas empresas en cada país é en diferente escala aplicable aos gobernos de diferentes niveis. Por outra banda, a maiores, nos estados descentralizados constátase a dificultade de lindar o exercicio de determinadas competencias que no contexto da mundialización resulta imposible

limitar territorialmente xustamente para ganar en eficiencia. Dáse o paradoxo de que moitos dos que renegan da acción exterior subestatal e lle impoñen valados claman contra aqueles que presuntamente pretenden erguelos coas súas demandas de soberanía. Uns valados por outros, priman os medos sobre as oportunidades.

Pero tamén esta dinámica repercutiu de forma negativa igualmente na capacidade da propia sociedade civil para alargar a súa presenza nos mais diversos ámbitos relacionados coa acción e a presenza exterior. Se a Xunta de Galicia descapitalizou o concepto e as súas manifestacións operativas tamén, en lóxica consecuencia, se encargou de decrepitar o diálogo sobre a acción exterior pasando a ser netamente verticalista e lonxe das tendencias actuais que apuntan á necesidade de definir marcos participativos e comprometidos socialmente. Eis a nula substancia do Consello de Acción Exterior de Galicia. Nunha sociedade como a nosa, con unha sociedade civil feble e escasamente vertebrada, a recuperación de forzas levará o seu tempo e, como ven sendo habitual, esixirá elevadas doses de voluntarismo e compromiso.

Pese ao discurso racionalista e triunfalista que se pretende transmitir desde as instancias oficiais, non é este, pois, un país que avanza coas tendencias do presente, senón que retrocede, conformándose con sobrevivir no día a día, sen horizonte estratéxico, renunciando ás propias potencialidades e á propia esixencia dunha presenza no mundo debedora da nosa realidade. Sen dúbida, esta auto-mutilación pasáranos factura.

Dende que os galeguistas acuñaron aquela visión de Galicia como unha célula de universalidade sabemos que a viabilidade do mundo non é cousa que poida depender exclusivamente da acción e vontade dos Estados e que, pola

contra, a preservación da paz, do progreso e da diversidade depende dos compromisos que poidan establecerse mais alá das fronteiras fixadas por aqueles. Pero incluso alén da parte que nos toca na xestión dos grandes temas da axenda internacional, a satisfacción dos intereses inmediatos de calquera comunidade están hoxe indisolublemente asociados a unha participación construtiva e activa no marco global. De entrada, iso non ten necesariamente nada a ver cos nacionalismos, como algúns pensan, por mais que estes tenten aproveitar o novo contexto para facer aflorar as súas demandas. Basta fixarse en estados como México ou Brasil, poñamos por caso, cunha ascendente paradiplomacia ou diplomacia federativa porque ven nela unha dimensión da acción pública que hoxe precisamos contemplar para satisfacer as demandas de progreso e benestar, conceptos que só poden asociar a magnitudes exclusivamente económico-tradicionais quen ignora as demais dimensións do desenvolvemento dos individuos e das comunidades.

Nun tempo tan convulso como o presente, a acción exterior, tamén das entidades subestatais, non é unha política máis senón que é un dos piares esenciais das políticas públicas e afecta aos fundamentos mais sólidos da acción de goberno e da conciencia cívica, ambos necesariamente imbuídos dunha perspectiva universal.

Para un país como Galicia, nun mundo globalizado como o actual e con un goberno que con tanta énfase defende o concepto da internacionalización empresarial, non se comprende como, por simple coherencia, non se defende de igual maneira, poñamos por caso, o concepto de internacionalización cultural, unha evocación capaz de transcender a idea tradicional da diplomacia cultural apostando por estratexias

mais amplas e relativas tanto no que atinxe á defensa dos dereitos culturais como á difusión e coñecemento da lingua e cultura galega a nivel internacional, instrumentando a presenza da nosa industria cultural no exterior e concibindo esta como un dos motores esenciais da nosa economía.

Claro que para iso cómpre recoñecer, en primeiro lugar, que gozamos dun patrimonio cultural singular e que a cultura ten unha importancia de primeira orde na conformación da nosa identidade e por tanto na nosa proxección internacional.

A internacionalización é un concepto poliédrico e moi amplo. Debemos telo presente en moitos eidos e dimensións e probablemente en todos eles podemos atopar recursos moi escasos que deben xestionarse en condicións ben difíciles. Sendo todo iso certo, o que carece de sentido é non aproveitar as nosas vantaxes comparativas, dispoñer follas de ruta que permitan enriquecer as axendas e, peor aínda, renunciar irresponsablemente a medrar no mundo a partir do que somos.

Galicia podería desenvolver unha diplomacia pública con unha presenza institucional multinivel que facilitara a presenza directa no exterior do tecido social. Porque precisamos estar no mundo non só cos nosos produtos senón coas nosas xentes, cos nosos proxectos, coas nosas ideas e forma de ser. É unha cuestión de responsabilidade, con nós e alén de nós.

Jesús Gamallo Aller⁽¹⁾

A axenda exterior de Galicia

Dentro da España autonómica, Galicia é un actor da acción exterior de primeiro nivel, e así é recoñecido nos diversos foros de coordinación, como pode ser a Conferencia de Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE). Isto explica que a nosa participación directa en órganos como os comités da Comisión Europea ou o Comité das Rexións sexa moi superior á media, sen esquecer a participación mesmo na Institución central da toma de decisións na UE, como é o Consello, fundamentalmente en asuntos relacionados coas políticas agraria e pesqueira comúns.

Ese recoñecemento xeralizado á acción exterior galega é froito do sementado dende hai décadas, que deixa agora un pouso institucional e unha dinámica administrativa que cómpre nutrir de seguido. O que si muda, como non pode ser doutro xeito nun réxeme democrático, son as orientacións estratéxicas que decide o correspondente Goberno, respaldado pola debida maioría parlamentaria que o lexítima e sustenta.

Con todo, vivir implica madurar e adaptarse ás circunstancias e ó entorno. Tamén na acción exterior hai que facelo. O contexto socioeconómico no que se atopou Galicia durante o período 2009-2013 foi radicalmente distinto ao que tiñamos con anterioridade. Dende a constitución de Galicia como Comunidade Autónoma española a principios dos 80 do pasado século nunca encarámos unha crise que derivara nunha recesión e logo nunha depresión tan lesiva. Nunca nos atopamos nunha situación desta

natureza, nin pola súa intensidade, nin pola súa severidade, nin pola súa profundidade. Este novo contexto tivo que traducirse, como non podía ser doutro xeito, tamén nunha maneira distinta de artellar a acción exterior galega.

Atopámonos coa necesidade de buscar alternativas de investimento, de captación de capital e de conquista de novos mercados cunha urxencia particularmente apremiante. Instalados na dimensión europea e no seu mercado interior, destinatario de meirande parte das nosas vendas de produtos e servizos, e máis orixe da maioría das nosas adquisicións e empréstitos, o peor da crise en Europa tivo a súa réplica en Galicia. Compría daquela diversificar, abrirse máis ao mundo buscando novos mercados e alternativas, tanto para compensar o perdido en Europa como para asegurar o noso futuro perante riscos similares.

Tamén nos atopamos coa necesidade de negociar un novo marco financeiro para o período 2014-2020, que garantise achegas públicas de capital dende a Unión Europea. Cadran-do coa crise, non nos podíamos permitir o luxo de perder esa transfusión de recursos en forma de capital social e axudas para o investimento das nosas empresas e emprendedores.

Estas e outras circunstancias análogas forzáronnos a priorizar de xeito absoluto os factores económicos no deseño e na praxe da acción exterior autonómica. Coa crise fiscal que laminaba os ingresos públicos para atender ás políticas sociais que reclaman os cidadáns, co medre do desemprego ocasionado pola caída do creto, da demanda e do investimento privado, coas tensións que este cadro provocaba

(1) Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

na sociedade galega, tíñamos que reorientar a nosa axenda exterior. A sociedade galega non o entendería doutro xeito. Aínda máis, houbo que facelo asumindo un marco de austeridade que limitou drasticamente os recursos e orzamentos a prol de atender outras necesidades da cidadanía ben apremiantes e xustificadas.

Entender este contexto pode axudar a comprender a teima do Goberno galego por buscar carga de traballo e investimentos en sectores como o naval ou o da automoción, seriamente tocados ou ameazados pola inercia dunha crise que poñía en risco o mantemento dunha estrutura económica que custara moito erguer ás xeracións previas. As viaxes do Presidente da Xunta a México ou Francia hai que encadralas aquí, sen ir máis lonxe. Como tamén hai que considerar a ameaza latente de perder practicamente todas as axudas estruturais europeas para asumir a importancia que a Xunta de Galicia lle dou dende 2009-2010 ás xestións e posicionamento en Bruxelas, para superar ese negro escenario que se nos presentaba.

Cómpre tamén lembrar que durante estes anos mantivemos axeitadamente a cooperación con Portugal, a pesares das circunstancias por todos coñecidas, que desembocaron na asistencia financeira dispensada pola UE, o Banco Central Europeo e mailo Fondo Monetario Internacional. Nese escenario fomos quen de poñer a andar a pleno rendemento o Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), e de lanzar dúas euro-cidades, como son Chaves-Verín e Tui-Valença, institucionalizándose ademais a primeira como outra AECT autónoma. E todo isto no medio dunha atmosfera que abocaba a Portugal a reducir entidades locais e a pechar organismos públicos de toda caste, por mor do Memorando de Entendemento que rexeu as

súas finanzas nese tempo.

Botando a vista atrás cobramos conciencia do calado das incertezas superadas. Como se adoita dicir entre nós, nunca antes nos veramos nunha situación semellante. Pero a estrutura da acción exterior galega resistiu e, agora, está en condicións de asumir novos retos. Retos como os recollidos na *Ley 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado*, e na *Ley 25/2014, de 27 de noviembre, de Tratados y otros Acuerdos Internacionales*. Mentres que a primeira destas leis pode definirse como ortodoxa, dende a perspectiva estatal, a segunda é máis heterodoxa. Por iso, aquela motivou que a Xunta de Galicia promovese a negociación coa Administración Xeral do Estado nunha Comisión bilateral, a fin de clarear certos aspectos da primeira desas leis, negociación que se pechou satisfactoriamente segundo consta no Boletín Oficial do Estado, do 12 de febreiro de 2015. Fica así garantida a nosa autonomía na acción exterior a prol dos intereses básicos de Galicia neste eido, sen ignorar dentro da debida lealdade constitucional a necesidade de coordinación e cooperación coa Administración Xeral do Estado.

Como dicía, a segunda destas novas leis, a *Ley de Tratados*, abre novas portas á nosa acción exterior. Primeiro clarificando conceptos e procedementos, como acontece cos acordos internacionais administrativos que podemos asinar e cos acordos internacionais non normativos. Pero sobre todo con medidas tan importantes como a nosa participación na celebración de tratados internacionais, dentro da delegación negociadora española. Pola súa relevancia coido indispensable determe deste punto.

Esta *Ley de Tratados* dotaranos de tres ferramentas novas que nós pretendemos aprovei-

tar ao máximo, porque poden servir tamén para reforzar iniciativas exteriores de Galicia no eido socioeconómico.

En primeiro lugar, poderemos instar a apertura de negociacións para celebrar un tratado internacional non só en materias da nosa competencia, senón tamén, e sobre todo, en materias do noso interese específico ou que afecten de xeito especial a Galicia. Velaí como se amplía ademais o campo de actuación cinguido polo noso Estatuto de Autonomía a cuestións culturais e da diáspora.

En segundo lugar, poderemos reclamar legalmente información ao Goberno do Estado sobre negociacións en curso de tratados internacionais nas que participe España, tamén fundando esa reclamación na defensa dos nosos intereses específicos ou pola súa incidencia na nosa Terra e, polo tanto, alén da espida fundamentación competencial da Comunidade Autónoma.

Xa, en terceiro lugar, poderemos instar que persoal da Xunta de Galicia se incorpore á Delegación negociadora española de futuribles tratados internacionais, co que os nosos dereitos e lexítimos intereses estarán sen dúbida mellor defendidos e representados, ademais de obter información de primeira man.

Pero mesmo a antedita Ley de Acción Exterior introduce novidades salientables para nós, como é a coordinación das estratexias estatal e autonómica de acción exterior, subliñando asemade que as entidades locais estarán suxeitas aos instrumentos de planificación da acción exterior autonómica. Deste xeito, tanto polos condicionantes externos como polas premisas legais internas, a acción exterior galega vai encetar un novo camiño tan axiña como adapte xuridicamente as súas propias ferramentas e como plasme a súa estratexia de acción exterior.

Dende logo que a orientación prioritariamente económica da acción exterior non vai facernos esquecer as liñas básicas que enxertan coa nosa identidade e razón de ser. Velaí o noso anovado compromiso con Portugal e mesmo coa lusofonía, que acredita a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, que afianzamos coa colaboración co Instituto Camões - Instituto da Cooperação e da Língua-. Nós queremos unha Euro-rexión máis integrada, máis auto-identificada pola nosa poboación e tamén recoñecida dende fóra, onde os protagonistas pasen a ser os axentes sociais, económicos e culturais, as universidades, as empresas ou as corporacións profesionais, entre outros actores colectivos e individuais que teñen que compoñer a urda que comezaron a tecer as respectivas Administracións hai máis de dúas décadas. Unha Euro-rexión que nos facilite ter unha nidia imaxe propia en Latinoamérica e na Lusofonía, pero tamén en Europa, alén incluso da Macro-rexión que aspiramos a artellar e dinamizar, e no mesmo espazo ibérico.

Ademais, aspiramos a relanzar as políticas de cooperación a prol do desenvolvemento, logo dos difíciles anos que pasamos, porque consideramos que Galicia ten moito que aportar en áreas prioritarias para gran número de países elixibles, dada a súa experiencia e bo facer en diversos eidos, que abranguen dende a pesca e a súa transformación ata as atencións sanitarias e educativas das diferentes poboacións destinatarias.

En síntese, o balanço acadado permítenos partir no futuro dende un chanzo cualificado na acción exterior autonómica. Aquí, Galicia non é unha Comunidade Autónoma máis, senón unha Comunidade Autónoma coñecida, recoñecida e respectada, constitucionalmente leal

no capítulo da política internacional española pero, tamén por iso e pola súa natureza, esixente e proactiva. Ese é o noso desafío, aínda que tamén a nosa oportunidade.

Constantino Cordal Rodríguez e Enrique José Varela Álvarez ⁽¹⁾

Novidades e perspectivas na Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal. A cuestión da mobilidade transfronteiriza

No pasado 2014 a crise económica continuou deixando efectos devastadores na Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal, en forma de emigración (sobre todo xuvenil), incremento das taxas de paro, redución do tecido empresarial, etcétera. Pero, doutra banda, abriu novas *policy windows* para a renovación dos modelos de institucionalización da cooperación transfronteiriza formal e informal, material e inmaterial. A crise, tamén social e política, puido provocar unha certa mobilización dos políticos e tecnócratas euro-rexionais na procura dunha maior lexitimidade para garantir a súa propia supervivencia.

Así, foron aprobadas numerosas iniciativas de cooperación impulsadas ou apoiadas desde as institucións e entidades euro-rexionais que están a ser implementadas ou deben selo a partir deste ano 2015. Entre elas, cabe salientar as seguintes: o Plan de Inversións Conxuntas da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal (PIC, 2014-2020); a Estratexia de Especialización Intelixente da Euro-rexión (RIS3); o Protocolo de Colaboración entre a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e os sindicatos da Euro-rexión a prol do emprego e da mellora da situación laboral dos traballadores transfronteirizos; o Protocolo de Cooperación en

materia sanitaria transfronteiriza; a celebración do primeiro Job Day da Euro-rexión; a segunda convocatoria do Programa de Cooperación Interuniversitaria Iacobus; a realización da 1ª Semana Cultural Convergências Portugal/Galiza; a presentación dunha nova campaña da asociación pedagóxica e cultural Ponte... nas Ondas! para a inscrición do patrimonio inmaterial galego-portugués na listaxe representativa da Unesco; a sinatura do acordo para o desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade e o ensino do portugués como lingua optativa na educación secundaria en Galicia; etc.

Con todo, un dos principais problemas da Euro-rexión, o da mobilidade transfronteiriza, segue a ser unha necesidade insatisfeita para a cidadanía, susceptible de mellora, tanto por parte dos operadores públicos, como daqueles outros privados que obtiveron a responsabilidade da súa xestión a partir de procesos de externalización de políticas e servizos públicos. Ademais, se nos fixamos nalgúns dos dispositivos gobernamentais que se foron creando ao longo dos últimos vinte e cinco anos na Euro-rexión, tanto desde a beira portuguesa como desde a galega, financiados obviamente por Bruxelas e cofinanciados polos Gobernos centrais e rexionais de ambos os dous Estados, atopamos algunhas razóns para pensar que unha cousa son os *outputs* (resultados) e

(1) Área de Ciencia Política e da Administración, Universidade de Vigo)

outra os *outcomes* (impactos) desta política pública de mobilidade transfronteiriza. Porque, efectivamente, estamos ante un problema con múltiples dimensións, impactos, resultados e solucións, tanto no relativo á mobilidade terrestre por estrada, como á aeroportuaria ou á ferroviaria. E porque, ademais, a mobilidade é un elemento básico dos diferentes Tratados das Comunidades Europeas; un dereito universal nunha sociedade tan supostamente avanzada como a europea.

No relativo ás infraestruturas viarias (autoestradas e autovías), constátase a mercantilización das mesmas e a dificultade para facer interoperables os sistemas de pago electrónico das peaxes (dos cales son propietarias entidades bancarias lusas e españolas); o resultado do proceso nos últimos tres anos non só non foi positivo, senón que case crea un conflito diplomático entre ambos os dous Estados, facendo caer os desprazamentos turísticos dos galegos ao Norte de Portugal pola inseguridade que lles producía a modalidade de pago das súas peaxes (SCUTS), por certo, externalizadas a unha empresa privada. As reclamacións dalgúns alcaldes da Região Norte de Portugal ao seu propio Goberno en Lisboa, ademais da presión exercida por asociacións empresariais portuguesas, conseguiron mellorar a xestión desta modalidade de pago de peaxes. O liderado na procura da resolución deste problema cabe atribuírlo, inicialmente, ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e a Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET).

Polo que respecta á cuestión aeroportuaria, segue a constituír un modelo ben significativo da lóxica de competencia e non de complementariedade que os gobernos centrais de Madrid e Lisboa impuxeron aos seus territorios periféricos transfronteirizos, sempre coa

complicidade das súas estruturas multinivel rexionais (Xunta-CCDR-N) e locais (Concellos de A Coruña, Santiago e Vigo-Câmaras Municipais de Porto e Maia). Esta estratexia exemplifícase nas ampliacións dos aeroportos rexionais en Galicia e na consolidación dun gran aeroporto internacional en Maia-Porto (Sá Carneiro). Así, Porto converteuse nun *hub* internacional con saídas directas a América Latina e aos principais “hubs” que teñen a súa sede na UE; mentres os aeroportos galegos se dedican a competir entre eles por un mercado rexional (Galicia-España), en lugar de articular un sistema de complementariedade euro-rexional. O resultado é que Sá Carneiro converteuse no Aeroporto Internacional da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal pola vía dos feitos; non existindo acordos de cooperación entre os operadores locais galegos, que ven descender ano tras ano o seu número de pasaxeiros en favor do aeroporto portugués.

Outro exemplo que nos axuda a comprender as consecuencias dunha deficiente consolidación euro-rexional, baseada en estratexias de competencia e non de complementariedade, atopámola no transporte terrestre de viaxeiros por ferrocarril. Neste caso, trátase dun modelo de mobilidade transfronteiriza esquecido tanto por institucións públicas como privadas, todo isto pese ao Convenio da conexión ferroviaria Porto-Vigo asinado pola Xunta e a CCDR-N xa no ano 1999. A cuestión do ferrocarril entrou de novo na axenda euro-rexional pola porta de atrás, ao non ter sido capaces os gobernos centrais de España e Portugal de solucionar o transporte de viaxeiros entre as cidades de Porto e Vigo no marco do mapa das liñas de Alta Velocidade Ibérica. Tiveron que ser unha vez máis os actores locais (Eixo Atlántico e RIET) os que ante o descenso de desprazamentos dos cidadáns galegos e portugueses cara a unha e outra beira

da fronteira, con motivo da crise económica e da falta de alternativa ás peaxes nas autoestradas e autovías, premeron aos seus respectivos gobernos rexionais e centrais, de forma que, suscitando alternativas máis económicas á alta velocidade, conseguiron unha modernización da vía (electrificación), así como unha mellora na xestión das paradas (redución do seu número), unha continuidade na viaxe de Vigo a Porto, sen cambio de *comboio* na fronteira, e un tren con dúas frecuencias diarias en ambos os dous sentidos, que conecta a principal arteria do sistema territorial da Euro-rexión en dúas horas e quince minutos (co obxectivo de reducir este tempo aos noventa minutos a curto prazo), deixando así atrás, por fin, o século XIX. Esta solución parcial chámase Tren Celta, e a súa modernización foi recentemente incluída polos gobernos español e portugués no XXVI Cumio Ibérico Hispano-Luso na axenda de cooperación transfronteiriza para os vindeiros anos.

Nos tres casos expostos sobre mobilidade transfronteiriza é posible confirmar un leve cambio do paradigma de goberno cara á gobernanza multinivel, en forma de partenariado público-privado (SCUTS) e de impulso das redes locais na participación dos asuntos públicos euro-rexionais (Eixo-RIET). Queda en todo caso un longo camiño para que a gobernanza na Euro-rexión se converta en gobernanza transfronteiriza e os actores euro-rexionais sexan capaces de deseñar políticas conxuntas, transversais e complementarias, nas que se integren de forma definitiva os cidadáns; só así conseguiremos pasar das lóxicas tecnocráticas ás democráticas, dos *outputs* aos *outcomes*.

O que parece evidente é que o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, agora complementado coa RIET, segue a ser un actor fundamental, o *stakeholder* clave, na definición dos proble-

mas públicos que se apoian en procesos de cooperación formais e materiais, a partir do exercicio do *lobbying* nos diferentes centros políticos (Madrid-Lisboa, Santiago-Porto e Bruxelas) e dos informes estratéxicos do seu Servizo de Estudos e Publicacións, que lexitimaron discursos e posicións estratéxicas para o conxunto dos actores da Euro-rexión. Así, o Eixo promoveu o acordo para dispoñer dun instrumento de acción común en materia de fondos europeos para o vixente período de programación comunitario: o Plan de Inversións Conxuntas da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal (PIC, 2014-2020); o primeiro de carácter euro-rexional en Europa. Este PIC foi consensuado entre os gobernos rexionais de Galicia e o Norte de Portugal e o propio Eixo Atlántico. Sendo consultados para a elaboración do documento final deste plan outros actores locais e empresariais de ambos os dous territorios transfronteirizos, entre outros: AECT Vale do Tâmega, CEG, CEP, CEO, Euro-cidade Chaves-Verín, FEGAMP, AiM-inho, ZAS-NET e CIMs do Norte de Portugal.

Cal será a partir de agora a tendencia xeral da cooperación transfronteiriza na Euro-rexión, en base a estes exemplos de mobilidade? Estamos ante unha ilusión conxuntural froito da necesidade de supervivencia institucional dunhas elites tecnocráticas tralo paso da “tormenta perfecta” en forma dunha crise económica aínda non superada? Será posible contemplar como as institucións de cooperación formal e material se poñen de acordo con aquelas outras que desenvolven proxectos de cooperación informal e inmaterial? En todo caso, logo do acontecido no 2014, podemos xa pensar que, alén da data máxica comunitaria do 2020, teremos un novo modelo de Euro-rexión que desborde as inercias institucionais e sitúe os cidadáns no centro das actuacións?

Porque os cidadáns, suxeitos de dereitos que viven en áreas metropolitanas, en cidades medias ou en pequenas aldeas, deben ser incorporados á definición da Euro-rexión xa non como metáfora, senón como unha verdadeira institución de goberno e administración, nunhas contornas cada vez máis difusas e virtuais. Sen eles, resultará imposible conectar as lóxicas tecnocráticas necesarias para organizar a complexidade, refrescar as políticas públicas, dar seguridade xurídica e xestionar políticas e servizos de proximidade... ao mesmo tempo que se impedirá que algúns cidadáns que queiran regresar da emigración aos seus lugares de orixe teñan a oportunidade de ser protagonistas do seu territorio, da súa cultura e da súa identidade, conseguindo así re-lexitimar estes espazos de proximidade a través das súas interaccións cotiás, como fixeron os seus antepasados desde hai séculos.

Vinte e cinco anos despois da posta en marcha da Iniciativa Comunitaria Interreg, nun aniversario especial para a cooperación territorial en Europa e, particularmente, para a Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal, somos da opinión de que estas innovadoras perspectivas deben axudar a transformar a cultura política transfronteiriza, que ten a súa base na identidade, na lingua e no sentido de pertenza, que son á súa vez as bases para a recreación dunha Euro-rexión, que xa o foi fai dous mil anos (Gallaecia), e que debe pasar a formar parte do acervo político común das mulleres e dos homes que viven e desexan seguir facéndoo aquí.

Xoán López Facal

Galiza ante o imperativo do crecemento e a reconfiguración económica internacional

I

Galiza, que pagou un elevado tributo á crise económica, enfróntase agora ao inescusábel repto do crecemento e a diversificación económica que ten as súas claves no ámbito económico internacional. A capacidade de adaptación das cabeceiras industrias galegas non pode ocultar a severidade dos efectos da crise sobre a nosa estrutura económica. Baste como ilustración o recente colapso do noso sistema sistema crediticio, ou do segmento das grandes empresas conxeladoras e pesqueiras ou mesmo da desaparición dun segmento empresarial tan prometedor como o da enerxía eólica. Aludimos á desaparición de Novacaixa Galicia, do Banco Pastor e o Banco Gallego, herdeiros dunha longa tradición de aforro que afunde as súas raíces primeiras nos anos corenta do século XIX, tamén á crise de Pescanova e Eduardo Vieira e ás perspectivas de desenvolvemento frustradas por tempo indefinido que anunciaba o negocio eólico e o solar. Un severo retroceso no empeño secular de promover unha economía galega auto centrada e xestionada por capital autóctono. Resiste a duras penas o naval, ameazado en todo caso pola queda do prezo internacional do cru petroleiro e pola dura competencia imposta polos estaleiros do extremo oriente asiático.

A consecuencia máis desoladora desta dinámica contractiva é a elevada taxa de desemprego xuvenil e a evaporación das perspectivas de incorporación á actividade produtiva

incidentes sobre unha pirámide demográfica definitivamente instalada no envellecemento e a contracción da poboación. Un país de vellos non é un escenario propicio para ningún proxecto de sociedade progresiva.


Non obstante o pavoroso problema demográfico, sería absurdo caer en posicións apocalípticas; Galiza é un país laborioso e creativo que conta entre as súas virtudes colectivas o aprecio secular polas oportunidades abertas polo mundo exterior. A fidelidade á terra de acollida ten en Galiza xeometría variábel, como demostra a existencia de colonias galegas espalladas polo mundo adiante.

II

A economía galega goza dunha posición satisfactoria en termos de apertura aos mercados internacionais. Dúas grandes cabeceiras industriais con base en Vigo e na Coruña garanten tal vantaxe: Inditex e Citroën. A primeira, preside unha notábel rede de empresas da confección que contribúe co 21% ás exportacións galegas e a segunda comanda o sector industrial mais innovador de Galiza que achega un 29% adicional á exportación galega: 50% entre ambos os dous complexos, cunha alta capacidade adaptativa e presenza nos cinco continentes. As exportacións en 2013 3.785 millón de euros en confección e 5.366 millóns en automóbil e compoñentes sobre un total de 18.424 millóns resumen

ben a fortaleza de ambos complexos.

As relacións económicas internacionais experimentan na actualidade mudanzas de grande envergadura: Sirva como exemplo o feito de que, mais da metade das exportacións de mercadorías procedentes das economías en desenvolvemento teñen como destino o mesmo segmento da economía internacional. É significativo tamén o facto de as exportacións de equipo de oficina, telecomunicacións e circuitos integrados (9,6% no conxunto das exportacións mundiais en 2013) estaren encabezadas en tal ano por China, co 38% do comercio mundial neste tipo de produtos (36% en 2012), seguida da Unión Europea con o 25% (26% en 2012); segundo datos procedentes das Estatísticas do comercio internacional, 2014 da Organización Mundial do Comercio.



Non debemos perder de vista o papel privilexiado que ostentan as áreas máis prósperas e desenvolvidas da economía mundial.

Recorrendo de novo á información subministrada pola OMC antes citada, é posíbel constatar, non obstante a impresionante pu-

xanza comercial chinesa no ranking de Estados exportadores, a preeminencia de Europa (incluída Turquía) nas exportacións mundiais, cunha cota de participación do 36,4% das exportacións mundiais de mercadorías e tamén de América do Norte (incluídos México e Canadá), co 16,8%. Entre ambas rexións concentran por tanto máis da metade do comercio mundial: 53,2%.

Asia en conxunto, (incluída a Indonesia e Australia), ostenta unha cota de 29,6% no comercio mundial, decisiva pero subordinada ao espazo euro americano.

Varios factores inciden no abrandamento da actividade económica global que observábel na actualidade; entre eles merecen especial mención o estancamento económico e a crise crediticia e de endebedamento que experimenta a Unión Europea e o afundimento dos prezos do petróleo e as materias primas por efecto combinado da crise económica global e da promoción das técnicas da fracturación hidráulica do subsolo practicada polos E.U.A. O impacto sobre os países en desenvolvemento é moi severo e as súas consecuencias, tanto económicas como políticas, son en gran medida imprevisíbeis.

III

A vocación comercial de Galiza, potenciada polas grandes cabeceiras industriais Citroën, Inditex, Alcoa ou o complexo de Repsol na Coruña, como mais destacadas está solidamente asentada, cousa diferente é o atractivo de Galiza como meta do investimento corporativo internacional. Ambos factores de desenvolvemento actividade comercial e investimento estranxeiro directo, IED son altamente relevantes na dinámica de internacionalización e reconfiguración estratéxica actualmente en curso.

A actividade comercial de Galiza é moi notábel como revela unha análise comparativa da capacidade exportadora española. En 2013, as exportacións galegas equivalían ao 8% das españolas mentres o peso de Galiza no PIB do conxunto do Estado non superaba o 5,3%. Isto supón que, a especialización exportadora de Galiza ($8,0/5,3 = 1,51$) superaba, por exemplo, á de Cataluña que ostentaba o 25% das exportacións totais cun peso económico do 18,8% sobre o conxunto de España ($25,0/18,8 = 1,43$).

As operacións corporativas de investimento internacional con orixe ou destino en Galiza mostran, polo contrario, o escaso atractivo da nosa comunidade para o capital inversor foráneo e a relativa modestia das operacións de investimento externo de capital galego. As últimas cifras dispoñíbeis, correspondentes a 2013, asignan a Galiza o 1,42% apenas do fluxo de investimento bruto exterior dirixido à economía española (227 sobre 16.054 millóns de euros). A situación mellora se consideramos o movemento contrario, de investimento corporativo de España no exterior; neste caso, Galiza contribuíu co 3,71% do capital corporativo investido en países estranxeiros (646 sobre 17.420 millóns de euros). Os datos referidos son moi representativos da dinámica corporativa que ten como orixe ou destino España.

Madrid, Cataluña e o País Vasco concentran as operacións de investimento transnacional con orixe ou destino España. Así, en 2013, Madrid, Cataluña e o País Vasco absorberon case o 83% do capital entrante (54,11%, 21,98% e 6,83%, respectivamente) e mais do 83% do capital saínte (66,85%, 12,66%, 6,83%). Galiza ocupa, como se observa, unha posición marginal nestas operacións de reestruturación económica que prefiguran o futuro.

Para completar a revisión da aptitude relativa de Galiza como axente activo ou pasivo dos fluxos corporativos internacionais cumpre non perder de vista que o peso da economía galega na española medido en termos de PIB é do 5,3%, mentres que as tres comunidades protagonistas, Madrid, Cataluña e o País Vasco apenas superan o 43%: 18,3%, 18,8% e 6,1%, respectivamente. A conclusión que se obtén é que Galiza mostra unha certa incapacidade para mobilizar a totalidade do seu potencial económico no ámbito decisivo das operacións corporativas internacionais mentres as tres comunidades españolas protagonistas duplican o seu potencial como proba da hexemonía política e económica que ostentan.

IV

Aínda así, a Galiza manifesta unha significativa capacidade receptora de capitais corporativos, historicamente ligada a operacións de oportunidade suscitadas en situacións de crise. A presenza da multinacional norteamericana Alcoa na mariña lucense, da cementeira brasileira Vorantim en Corporación del Noroeste ou da portuguesa Lactogal en Leche Celta teñen esta orixe, o mesmo que a adquisición de Novacaixa Galicia, agora Abanca, polo grupo venezolano Banesco ou a entrada da mexicana Cemex nos Asteleiros Barreras e a de capital chinés en Citic-Censa, Porriño. Un conxunto de exemplos todos eles moi representativo do atractivo latente no tecido industrial de Galiza.

O capital corporativo galego comeza a ter presenza destacada e permanente no estranxeiro. A instalación de filiais do sector conserveiro en Sudamérica ou a importante rede de terminais portuarias do Grupo Nogar (Marin) nos principais portos galegos, prolongada agora na participación do grupo en dous importantes

nodos internacionais de tráfico de contedores como son o de Paraguaná no Brasil, e o de Paracas- Pisco no Perú, revela o potencial de internacionalización da economía galega. Unha operación recente do Grupo Villar Mir encamiñada á constitución dun gran grupo multinacional do silicio e as ferro aliaxes mediante a fusión de Ferrotlántica (Cee, Arteixo) coa norteamericana Globe Speciality Metals, intensifica a tendencia á internacionalización.

O flagrante contraste entre a destacada posición exportadora da economía galega e a súa limitada capacidade atractiva de capitais corporativos foráneos abre en todo caso un ineludíbel desafío aos xestores públicos e empresariais do país. O Goberno galego e as organizacións empresariais están obrigadas a articular unha axenda internacional dirixida a incrementar simultaneamente a presenza das mercadorías galegas nos mercados internacionais e a potenciar a densidade de operacións corporativas de entrada e saída de capitais con vocación de permanencia.

Despois de un tempo de consultas e iniciativas parciais, a Xunta anuncia agora – primeiro semestre do 2015 – o lanzamento de unha Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega, 2020 orzado en 50 millóns de euros. O executivo pretende alcanzar coa mesma no horizonte 2020 o dobre obxectivo de incrementar o peso das exportacións sobre o PIB ao 40% con 8.000 empresas exportadoras implicadas e de incrementar nun 25% o fluxo de investimento exterior dirixido a Galiza.

Na miña interpretación, a intención formulada tradúcese no dobre obxectivo de incrementar a intensidade exportadora do 35% ao 40% do PIB e de atraer o 1,75% do capital corporativo internacional destinado á economía española a partir do 1,4% actual. O primeiro

obxectivo apunta ao envolvimento masiva da pequena empresa na actividade exportadora; a segunda a unha mellora substancial e diferenciada de Galiza como territorio receptor de capital internacional. O obxectivo exportador é, claramente, máis accesíbel do que o da promoción das virtudes de Galiza como área obxectivo de investimento corporativo internacional. Deixando á parte o caso da industria de compoñentes da automoción, alimentaria ou a ligada a materias primas como a madeira, os factores de localización diferenciais que Galiza pode ofrecer son limitados. Un deles, a oferta eléctrica de proximidade, encóntrase esterilizado pola uniformidade de tarifas imperante no territorio peninsular. As recentes ameazas de deslocalización formuladas por Alcoa por motivos de tarifa confirman este inconveniente.

Cabe interpretar a recente visita do presidente Alberto Núñez Feijóo a México, Perú y Colombia como un movemento exploratorio das posibilidades de promoción da oferta exportadora galega e o atractivo diferencial da nosa comunidade para o capital eventualmente interesado en abrir establecementos produtivos en España. Os 50 millóns comprometidos pola Xunta na súa axenda de internacionalización e a abertura prevista de antenas comerciais en Perú, Dubai, Canadá e Alemaña, ou a posta en marcha de doce planos operativos sectoriais específicos nos sectores económicos mais prometedores da economía galega, son tan plausíbeis como incertos en resultados. O desafío que afronta a economía galega esixe esforzos cifrados, continuados, blindados ante mudanzas persoais e políticas, en definitiva, un auténtico compromiso de país, tanto no ámbito político como empresarial, desmentidos até o momento pola inveterada volatilidade das sucesivas axendas políticas.

Daniel González Palau

Entre as crises e o novo Plan Director 2014-2017

1.

A cooperación oficial galega, a que define a Lei do Parlamento de Galicia 2/2003 de 19 de xuño, sempre estivo en crise. Primeiramente pola súa chegada tardía ao mapa institucional da Autonomía e posteriormente por unha crise económica que baleirou moitos dos potenciais contidos e desenvolvementos que a Lei viña inaugurar. Mais alén do evidente hai moito máis.

A cooperación oficial galega naceu entre a confusión de distintas visións orixinarias, a da complementariedade e aliñamento coa tradicional cooperación española e doutra a que implicaba as posibilidades de xerar un perfil propio e oportunidades específicas para o noso modelo de cooperación, dados os vínculos históricos, culturais e lingüísticos de Galicia na sociedade internacional.

Xunto a esas fracturas fundacionais da cooperación oficial galega, existen distintos elementos que atravesan todo o proceso da oficialización das políticas de cooperación e a súa crise crónica: dos que van dos ecos da coñecida como *-fatiga da axuda*, que sacude aos sistema de cooperación internacional tralo fin da guerra fría acusado de ineficaz, ao *desencanto* da oficialización da política de cooperación coas promesas eternamente incumpridas (representadas simbolicamente mellor que ningunha pola reclamación nuna alcanzada no contexto do Estado, do 0,7%).

En consecuencia e acompañando o ritmo da historia aparecen as críticas desde os novos movementos sociais do S.XXI á instrumentali-

zación, por parte das distintas caras fortes dos poderes locais e globais, das ONGD e demais entidades promotoras da cooperación oficial, coa institucionalización e profesionalización das súas demandas, erosionando a credibilidade e a ilusión orixinaria que as ONGD conectaran coa sociedade nos anos 90. A emerxencia de conceptos coma o de *-solidariedade líquida* ou *-anticooperación solidaria* dan conta deste proceso de desgaste.

2.

Así as cousas neste ano no que o Parlamento de Galicia aprobou o III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 cómpre pensar onde estamos e que procura a cooperación galega no seu conxunto, sendo conscientes sempre que alén do oficial, o internacional está cada vez máis presente na vida de todo tipo de organizacións e persoas dada a natureza veloz e conectada do S.XXI.

Os datos dinnos que a cooperación galega viuse baleirada financeiramente polos efectos da crise económica, que a reduciron orzamentariamente máis dun 60% no último quinquenio, pasando do 0,4 do total dos orzamentos da Xunta no goberno bipartito ao 0,17 actual.

Esta abrupta restructuración de gasto que iniciou o primeiro goberno Feijóo no 2009, definira xa o II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, que a súa vez incumpriu en reiterados items do documento. En consecuencia, distintas ONGD pecharon as súas oficinas e

recurtaron persoal, desapareceu a Fundación de Axuda Humanitaria de Galicia ou conxelouse a financiación conxunta de proxectos entre a Xunta de Galicia e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, chegando á desvinculación total no ano 2013, onde conxelouse tamén o tradicional convenio entre a Xunta e o Fondo Galego, e que viña asinándose ininterrumpidamente desde o ano 2000.

As restructuracións de gasto alén de recortar o montante total de gasto, perfilan as contornas do que entendemos por sistema galego de cooperación e dos contidos que a Xunta de Galicia como principal financiador desexa promover.

3.

Neste panorama, o 2014 sentou as bases para un novo trienio da nosa cooperación oficial cun novo Plan Director 2014-2017 para dar correcta e técnica continuidade á Lei 3/2003. Hai que apuntar que a tramitación deste Plan Director deuse no medio das discusións sobre a reforma da administración local e o servizo de acción exterior do Estado, ambas vinculadas nunha clara dimensión a estruturar a Marca España.

Tras un proceso rápido de consultas ao sector en decembro de 2013, o Plan Director aprobouse no Parlamento o 4 de marzo de 2014 cos votos a favor do grupo popular. O III Plan Director, que finalmente recolleu Cabo Verde no último segundo (excluíndo Guinea Bissau) e aceptou algunhas das propostas da ONGD, non paralizou o voto en contra da oposición que entendía non se recollían as solicitudes naturais da Coordinadora de ONGD e tamén do Fondo Galego, que ademais dunha significación esencial polos países PALOP e Cuba –como *espazo prioritario da xeopolítica galega*, agardaba un

recoñecemento institucional que deixara atrás a deriva dos últimos anos de desvinculación dos esforzos do poder local.

Desde algunhas opinións apoiadas en visións propiamente técnicas, o Plan aprobado é todo un éxito, xa que “garante” a vida da Cooperación Galega cando menos tres anos máis nun escenario onde algunhas comunidades autónomas pecharon todas as súas oficinas e proxectos de cooperación. Ademais, técnicamente o documento introduce a Galicia nos debates e tendencias da nova axenda internacional de cooperación, o chamado proceso – Post2015, promovendo máis interacción e máis perfil para os distintos axentes, especificamente elevando o rango e as posibilidades das Universidades e as empresas que desexen participar do sistema galego de cooperación.

Sen embargo e máis alá da boa nova que supón a “garantía” da continuidade da política de cooperación internacional, un xuízo enfocado sobre o acontecido non pode máis que subliñar que estamos diante dunha nova oportunidade perdida. Oportunidades, de tomar en serio as potencialidades dunha acción exterior propia que se aliñee cos Dereitos Humanos e nos singularice, ou de promover unha concertación entre os distintos actores que sume sinerxias, aumente eficacias e eficiencias desde as coherencias e non desde as competicións.

4.

As realidades da explosión da *–globalización* e a natureza da vida humana na última década aumentou explícita e exponencialmente a interdependencia entre as persoas e territorios do planeta: do cambio climático ás patentes médicas e farmacéuticas, das débedas externas ao sistema financeiro internacional, co que a necesidade de introducir nas primeiras liñas da

axenda a acción exterior de calquera territorio parece ineludible.

Como funciona a economía real? Onde están os mercados? Que queremos vender? Con que marca, con que contidos vamos a relacionarnos na UE e no fortemente cambiante mundo do patrón dólar?

A proposta é que a cooperación galega camiñe por ser unha ferramenta central da acción exterior de Galicia, unha ferramenta expandida desde os marcos actuais, que implique á cidadanía e que se relacione coa economía ou a cultura alimentándose mutuamente, configurando un hardware como comunidade para relacionarnos no mundo actual, desde as nosas vantaxes comparativas e comprometida coa coherencia de políticas de maneira integral.

Unha cooperación que achegue calidade diferencial nas nosas relacións co exterior, que acompañe procesos de internacionalización económica desde a promoción dos DDHH ou que sexa variable fundamental de procesos de investigación que abran novos horizontes.

Unha cooperación 2.0. ☑de banda ancha, que absorba o mellor e máis brillante das metodoloxías tradicionais, combinándoas coas posibilidades da revolución TIC ou os cambios profundos do mundo actual e da cooperación SUR-SUR.

Hai que imaxinar outras narrativas e tamén outra cooperación. Haberá máis oportunidades.

Valentín García Gómez⁽¹⁾

A diversidade lingüística de Europa e a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias

De lles facermos caso ás estimacións que dan algúns dos catálogos con máis reputación na materia, na actualidade permanecen vivas no mundo entre 6500 e 7000 linguas. Este constitúe un dato que, para moitas persoas da nosa contorna sociocultural, resulta sorprendente, porque en Occidente, en Europa concretamente, está instalada desde hai séculos unha concepción bastante distorsionada deste feito, que nos leva a pensar, aos habitantes desta parte da Terra, que fóra das dez ou quince linguas de Estado europeas non existe máis vida. O dato maiúsculo de que hoxe aínda se falan varios miles de linguas produce certa perplexidade en non poucas persoas cando o descubren. Isto é así, mesmo entre a cidadanía española, pese a que, no caso concreto de España, arredor de 16 millóns de persoas viven en territorios con máis dunha lingua oficial, o que representa arredor do 40 % da poboación total do Estado, e de que a maioría das linguas distintas do castelán son hoxe no noso país un instrumento vivo de comunicación para miles e miles de cidadáns que son percibidas, ademais de como un patrimonio, coma un tesouro que a inmensa maioría quere preservar.

Aínda que non pertence á nomenclatura da linguaxe académica, adóitase dicir que existen dúas categorías de linguas: as que se presentan como tales, a secas, e as adxectivadas. Á pri-

meira categoría pertencen as linguas coma o portugués, o castelán, o inglés, o ruso, o francés; isto é, as linguas —chamémoslles así— por antonomasia. Logo existe outro tipo de linguas que adoitan ir definidas por un adxectivo: minoritarias, minorizadas, rexionais, menos estendidas, sen Estado etc. Sabemos que pertencer a un grupo ou a outro de linguas obedece exclusivamente a circunstancias históricas que, en calquera caso, poden cambiar, e que de feito cambiaron no transcurso do tempo, como moi ben nolo demostra o propio caso do galego.

Estes acontecementos son circunstancias externas alleas ás linguas mesmas. O substancial das linguas, e xa que logo o verdadeiramente importante delas, é o feito de que serven de medio de comunicación entre os membros dunha sociedade, e tamén de que son a expresión dunha cultura, dunha maneira de ver o mundo, así como un produto das vivencias históricas dos pobos que as falan.

É por esta razón pola que se contan por centos os documentos oficiais de diferentes institucións da Unión Europea nos que se insiste en expresar que a diversidade lingüística de Europa debe constituír un factor de inclusión social e non de exclusión. Para ese fin, desde case o mesmo momento en que entrou en vigor o Tratado da Unión Europea en 1993, esas mesmas institucións non deixaron de elaborar e aprobar instrumentos xurídicos e programas

(1) Secretario xeral de Política Lingüística

destinados tanto á promoción do multilingüismo como —aínda que en bastante menor medida— á dinamización social das linguas rexionais e minoritarias.

Unha destas ferramentas, sen lugar a dúbidas unha das máis importante entre as que están vixentes, é a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (en diante, a Carta). Trátase esta dun instrumento xurídico vinculante a escala internacional, elaborado polo Consello de Europa, que entrou en vigor o 1 de marzo de 1989 co obxectivo, por unha banda, de protexer e promover as arredor de 45 linguas rexionais e minoritarias que se falan no territorio da UE como parte que son da herdanza cultural de Europa, e, pola outra, de axudar a crear as condicións idóneas para que os máis de 40 millóns de falantes destas linguas as poidan usar na súa vida privada e pública. Quedan baixo a protección da Carta as linguas rexionais e minoritarias (o galego, o catalán ou o occitano), as linguas sen territorio (o romaní ou o caló) e as linguas oficiais de Estado menos usadas (o gaélico irlandés), pero non aquelas linguas que chegaron a Europa tras os recentes movementos migratorios nin tampouco as variantes dialectais das linguas oficiais.

Dada a súa condición de tratado internacional vinculante, a Carta obriga os Estados que a ratificaron a fomentar e asegurar o uso de todas as linguas minoritarias que existan dentro dos seus respectivos territorios, de tal xeito que se pode considerar un mecanismo de control a través do que, en primeiro lugar, avaliar como se aplica en cada Estado membro e, despois, no caso de ser necesario, realizar recomendacións para mellorar a lexislación aplicada, as políticas desenvolvidas e as prácticas levadas a cabo. Tal mecanismo de control faise efectivo por medio de tres vías. Trátase a primeira delas dun

documento que os Estados teñen a obriga de redactar cada tres anos para informar o Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta. O segundo mecanismo previsto é o traballo que desenvolve un comité de expertos constituído *ad hoc* para cada Estado e cuxa finalidade consiste en elaborar un informe que os seus membros constituíntes redactan consensuadamente a partir dos datos que achegaron os Estados nos seus informes e mais dos que obtiveron a través das múltiples entrevistas que lles realizan a responsables ou representantes de institucións, organismos e organizacións sen ánimo de lucro relacionados co ámbito das linguas. Finalmente, a partir do informe que realizou o Comité de Expertos, o Comité de Ministros do Consello de Europa (formado polos ministros de asuntos exteriores dos Estados membros do Consello de Europa) formula unha serie de recomendacións dirixidas individualmente aos gobernos dos 25 Estados que ata o momento presente ratificaron a Carta.

O Reino de España subscribiu a Carta o 5 de novembro de 1992, e ratificouna o 9 de abril de 2001, aínda que non entraría en vigor ata o 1 de agosto dese mesmo ano. O informe periódico inicial sobre a aplicación da Carta en España presentouse o 23 de setembro de 2002, un informe para cuxa redacción o Goberno español non solicitaría a colaboración dos órganos con competencias en materia de política lingüística das comunidades autónomas bilingües. No entanto, esta anomalía quedaría emendada nos seguintes informes periódicos.

O segundo informe periódico sobre a aplicación en España da Carta (período 2003-2005) presentouno o Estado español perante o Consello de Europa no ano 2006 e realizouse coa colaboración das comunidades autónomas, ás que se lles solicitou que presentasen cadan-

seu informe específico —os chamados informes previos— que se realizou a partir dun cuestionario común que elaborara e distribuíra con anterioridade o Consello de Europa. O informe da Comisión de Expertos sobre a aplicación da Carta en España aprobouse o 4 de abril de 2008 e as recomendacións do Comité de Ministros sobre a aplicación da Carta, o 10 de decembro de 2008.

Para a elaboración do terceiro informe (o correspondente ao período 2006-2008), a Dirección General de Cooperación Autonómica do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública solicitoulles informes previos individuais ás comunidades autónomas, a partir dos cales elaborou o seu informe final, que lle remitiu ao Consello de Europa o 30 de xullo de 2010. O Comité de Ministros da UE non faría públicas as súas recomendacións ata o 24 de outubro de 2012.

Neste momento estase a abordar a redacción do cuarto informe (período 2009-2011). A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, despois dun arduo e minucioso traballo de pescuda e redacción, remitiulle o seu informe á Dirección Xeral de Cooperación Autonómica en xaneiro de 2014. Pola súa banda, o Goberno español presentoulle ao Consello de Europa o seu informe o 9 de maio de 2014. Agora o Comité de Expertos atópase na fase de redacción do seu informe, razón pola que, o pasado día 6 de novembro, os seus catro membros, entre os cales hai por vez primeira un experto galego, se trasladaron a Santiago de Compostela para se entrevistaren con representantes de institucións, organismos e asociacións relacionadas coa lingua galega, entre os que se encontraba quen isto escribe na súa condición de secretario xeral de Política Lingüística.

A historia demostrou en multitude de ocasións que os procesos de minorización cultural ou lingüística non son irreversibles e que mesmo se poden reverter. A Carta inspírase nesta premisa e demostrou durante os anos que estivo en vigor que constitúe unha ferramenta útil para axudar a construír un futuro plural e rico en termos lingüísticos, un labor no que os gobernos teñen que estar implicados.

Con máis de dous millóns de falantes no momento presente e cunha tradición literaria que se remonta a 700 anos atrás —tradicón na que non faltan pezas de ouro de innegable valor—, a lingua galega é, en termos planetarios, unha lingua que dista moito de pertencer ao grupo das denominadas linguas minoritarias. Un dato que pode resultar revelador neste sentido é o que ofrece o Barómetro Calvet da linguas do mundo. Neste estudo realizado en 2012, no que se analiza o grao de instalación social das 563 linguas do mundo con máis de 500.000 falantes, asígnaselle ao galego o posto número 49. Así pois, de sermos rigorosos na nosa análise, coincidiremos en que a lingua que foi o código de expresión das persoas que habitaron Galicia durante os mil últimos anos está en condicións de segui-lo a ser durante os mil anos futuros, *desideratum* cunqueirán que o escritor mindoniense expresou en número de primaveras e que a inmensa maioría dos que habitamos a Galicia de comezos do século XXI asumimos como reto posible e como desexo irrenunciabile.

Alba Nogueira

A Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias. O paradoxo dunha norma invulnerable con reitarada vulneración dos compromisos

¿Que é a CELRM?

A Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM) é un tratado internacional promovido polo Consello de Europa coa finalidade de protexer a diversidade lingüística, cerne da identidade europea. A Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM) ten o obxectivo de protexer aquelas linguas nos países membros do Consello de Europa⁽¹⁾ (máis de cincuenta, aínda que tan só está ratificada aproximadamente a metade) que teñan como característica ser “as practicadas tradicionalmente no territorio dun Estado polos naturais dese Estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do Estado e diferentes da(s) lingua(s) oficial(ais) de este Estado” (art.1.a). Non fai, por tanto, referencia ás linguas dos emigrantes se non as linguas históricas de Europa.

As linguas rexionais ou minoritarias queren ser protexidas mediante un abano de medidas dirixidas a garantir a súa presenza en diversos ámbitos sociais (educación, vida económica, medios de comunicación, xustiza, administración).

A ratificación desta norma en 2001 incorporáa ao ordenamento interno situándoa,

desde o punto de vista da xerarquía normativa, inmediatamente por debaixo da Constitución e o Estatuto. É unha norma ademais “invulnerable” pola lexislación posterior xa que só pode ser modificada cambiando o instrumento de ratificación para rebaixar os compromisos adquiridos. Os sucesivos informes de avaliación, non obstante, mostran unha situación clara de incumprimento reiterado en diversos ámbitos para varias das linguas e, en xeral, para todas as linguas nos aspectos de competencia estatal.

No proceso de ratificación polo Reino de España decidiuse que a protección da Carta se aplicase a: «las lenguas reconocidas como oficiales en los Estatutos de Autonomía de las Comunidades Autónomas del País Vasco, Cataluña, Illes Balears, Galicia, Valenciana y Navarra. Asimismo, España declara, a los mismos efectos, que también se entienden por lenguas regionales o minoritarias las que los Estatutos de Autonomía protegen y amparan en los territorios donde tradicionalmente se hablan”. Con respecto ás linguas non oficiais pero que son citadas nos Estatutos o Comité de Expertos no proceso de avaliación da Carta sinala que “entende que esta declaración abarca asimesmo as seguintes linguas: o galego en Castela-León, o aragonés e o catalán en Aragón, o asturiano, o galego-asturiano e o aranés. Estas linguas están

(1) Para coñecer máis datos sobre a Carta e as ratificacións vid. http://languagecharter.eokik.hu/sites/BasicData/States_&Charter.htm.

contempladas na parte II da Carta” (Spain, 2008, 11).

Esqueceuse, porén, o instrumento de ratificación de incluír como linguas protexidas aquelas outras faladas historicamente en partes do territorio e que non teñen recoñecemento –de oficialidade ou de simple protección- nos Estatutos de Autonomía⁽²⁾.

O que resulta claro é que certas disposicións da Carta supoñen formulacións máis avanzadas nalgúns puntos que as que figuran actualmente en normas estatais vixentes –Lei Orgánica do Poder Xudicial, lexislación de ensino de Galicia ou Illes Balears- e requiren a súa modificación. O propio Consello de Estado estableceu no seu Ditame nº1492/92 en relación coa Carta que “son diversos os aspectos da Carta que inciden en materia legal” .

En todo caso a Carta expresamente proclama a un principio de conservación das disposicións máis favorables que xa poidan estar en vigor nos Estados ratificantes polo que os seus efectos son de conservación das disposicións máis favorables que xa rexan (art.4) e obriga de cumprimento naqueles aspectos nos que a Carta supere o ordenamento vixente.

Estrutura da Carta: un menú aberto no que o Reino de España optou polos compromisos de protección máis elevados

A Carta xera para os Estados ratificantes dous tipos de obrigas. Existe un grupo de

disposicións obrigatorias mínimas que deben aplicarse na súa integridade ao conxunto das linguas rexionais ou minoritarias dos Estados parte. Estes compromisos son os que se atopan na parte II da Carta e comprenden:

- » O recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias, que non implica a oficialidade da lingua
- » O respecto da área xeográfica da lingua en función da práctica significativa aínda que sexa minoritaria
- » A necesidade dunha acción positiva decidida a favor desas linguas para garantir a supervivencia
- » A garantía do ensino e o estudo
- » O fomento das relacións entre falantes desa lingua para protexer a conciencia dunha mesma identidade

Xunto a estas existen unhas disposicións optativas que figuran na parte III, que son unha concreción das da parte II, nas que o Estado debe decidir a qué linguas llas vai aplicar –pode haber por tanto linguas rexionais ou minoritarias que se benefician da parte II e III e outras que non- e, ademais, definir o grao de protección ao que se acolle dentro do abano de compromiso que ofrece cada artigo respectando uns compromisos mínimos (fixados no art.2.2).

A Parte III ten preceptos específicos dedicados á ensinanza, a xustiza, a administración e servizos públicos, os medios de comunicación, actividades e servizos culturais, vida económica e social e intercambios transfronteirizos. Os Estados ao ratificar a Carta acollen os seus preceptos pero poden facer unha ratificación “á carta” tanto nas linguas ás que se protexe como no nivel de protección que se lle quere dar xa que se establecen varias posibilidades de protección.

(2) Ademais o Consello de Ministros nas súas recomendacións de 2008 logo do segundo ciclo de avaliación da Carta solicita que se aclare a situación desas linguas que, sen estar no instrumento de ratificación, parecen ter unha presenza tradicional como son o galego en Castela-León, o portugués en Olivenza, o bereber en Melilla e o árabe en Ceuta. O Comité de Expertos tamén falou en 2008 do caso do galego en Extremadura e o valenciano en Murcia e o romaní e o caló. No segundo informe sinalase que aínda non se proporcionaron datos sobre a situación destas linguas non cooficiais.

Paradóxicamente, no caso do Estado español ratificouse a Carta na súa integridade sen formular reservas e escollendo o nivel de protección máis elevado (ex. Escolleuse garantir a oferta dun sistema de inmersión no ensino para todas aquelas familias que así o queran, en vez de facelo sometido a certa representatividade da demanda ou, simplemente, garantir o ensino *da* lingua sen ensino *na* lingua) en practicamente tódolos aspectos para as linguas oficiais.

A avaliación do cumprimento dos compromisos adquiridos

Outro elemento distintivo da Carta é que incorpora unha serie de mecanismos de seguimento para garantir a súa aplicación. O máis relevante é a realización de informes periódicos de seguimento que deben presentar os Estados cada tres anos e a existencia de un comité de expertos que fai unha avaliación tamén trianual do funcionamento da Carta en cada Estado elevando recomendacións sobre o cumprimento ao Comité de Ministros do Consello de Europa. Para estas recomendacións o Comité de Expertos recibe tanto información por escrito das Administracións implicadas como informes de ONGs e colectivos implicados ou de expertos independentes⁽³⁾. Ademais realiza visitas “in situ” para manter entrevistas cunha ampla representación da sociedade civil e autoridades administrativas a fin de ter unha visión global da situación da lingua nos distintos sectores. Á vista do Informe do Comité de Expertos o Comité de Ministros publica finalmente unhas recomendacións breves para cada Estado ratificante como final dese ciclo de avaliación.

(3) Sobre o papel das ONGs vid. Ruiz Vieytez, E. (2004), *Working together: NGOs and regional or minority languages*, (Estrasburgo: Council of Europe Publishing).

No caso do Reino de España camíñase xa cara o cuarto informe de cumprimento da CELRM⁽⁴⁾. Os tres informes previos marcan tres recomendacións coincidentes en canto a incumprimentos xerais da Carta para todas as linguas.

O Comité de Ministros nos tres informes (2005, 2008, 2012) sinala os claros incumprimentos dos compromisos adquiridos con respecto á xustiza, á administración estatal e os servizos públicos dela dependentes e sobre as linguas non protexidas polos Estatutos de Autonomía.

En relación coa xustiza indícase que non se garante o compromiso de celebrar os procesos xudiciais en todas as ordes xurisdiccionais en galego a petición de calquera das partes. Isto é, sen mediación dun tradutor. Os órganos xurisdiccionais deben estar preparados para que a actividade xudicial se desenvolva en galego, catalán ou euskera se unha parte o solicita. Para iso apúntase tamén que debe garantirse a existencia de persoal xudicial e xuíces capacitados.

Igualmente se apunta a insuficiencia das medidas de respecto das linguas na Administración xeral do Estado e, en concreto, de atención ao público e capacitación do persoal.

Finalmente, os tres informes destacan a ausencia de información suficiente e medidas de apoio ás linguas que non gozan de protección estatutaria (fabla en Aragón, galego en Castela-León, portugués en Olivenza, asturiano, bereber en Melilla, árabe en Ceuta).

Galiza. Un incumprimento claro dos compromisos adquiridos

Polo que respecta á lingua galega os informes tamén son recorrentes no enunciado do catálogo de incumprimentos.

(4) Para consultar os informes vid.: http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/default_en.asp

O comité de expertos entende que entre os compromisos adquiridos está aplicar a Parte II da CELRM ao galego no Bierzo e Sanabria e na franxa occidental de Asturias. Fai indicacións para clarificar o estatus de protección e adoptar medidas en colaboración cos falantes para promover o galego en Castela-León. Con respecto ao galego en Asturias o comité de experto indica que se adoptaron algunhas medidas desde o anterior informe aínda que non semellan “accións concretas e decididas”. Tamén se demanda esa acción decidida con respecto ao galego en Extremadura. No caso de Castela-León e Extremadura anímase tamén ás autoridades a tomar medidas en relación coa presenza na vida pública.

Con respecto á avaliación da Parte III e aos compromisos adquiridos en relación coa situación do galego en Galiza o Comité de expertos tamén realiza unha serie de recomendacións e constatacións.

Na educación, o Comité fai constar a súa preocupación pola sucesiva redución do ensino *en galego* e das estruturas de apoio ao ensino. O compromiso contraído implicaría ter un “número suficiente de escolas que ofrezan ensino íntegro ou esencialmente en galego para o alumnado cuxos pais así o quera”. O compromiso só estaría parcialmente cumprido co sistema actual e por iso se establece como recomendación neste apartado que “o Comité de experto urxe con intensidade que as autoridades fagan accesibel ensino *en galego*”. O Comité tamén considera incumplido o compromiso de contar con algún órgano de supervisión encargado do control do cumprimento das medidas e da avaliación dos avances en materia de do ensino do galego.

No ámbito xudicial o Comité de expertos urxe ás autoridades a reformar o marco nor-

mativo para garantir que os procedementos xudiciais se realizan en galego pola simple demanda dunha das partes. Tamén a adoptar medidas para que os órganos xudiciais coñezan que teñen esa obriga contraída en virtude dos compromisos da Carta. Tamén fai indicacións en relación coa necesidade de incrementar a proporción de persoal na xustiza con coñecemento do galego, especialmente xuíces e fiscais, e de contar con programas de formación que tamén inclúan aos avogados. Con relación á tradución de textos normativos aprecia que hai falta de información e existen lagoas polo que entende que o cumprimento do compromiso é só parcial.

En relación co uso nas administracións públicas, o Comité de expertos considera que o cumprimento na Administración xeral do estado é só parcial, destacando a ausencia dunha ausencia de planificación estratéxica e sistemática que garanta tanto a asistencia oral como a posta a disposición dos documentos administrativos e formularios administrativos en galego. Tamén se apunta un incumplimento parcial no ámbito dos servizos públicos, sinaladamente nos prestados por xestión indirecta. Con respecto ao aseguramento da capacitación lingüística dos empregados públicos considera que o cumprimento é só parcial no caso dos empregados da Administración xeral do estado.

No apartado de medios de comunicación o comité ve con preocupación o descenso de emisións da TVE en Galiza. Tamén considera incumplidos os compromisos relacionados co mellora da presenza do galego nas emisoras de radio ou nas emisoras de TV, destacando o incumplimento das obrigas de emisión en galego das cadeas con licenza autonómica. Os cambios relacionados coas emisións televisivas desde Portugal que impiden a visión dos canais

portugueses en Galiza son obxecto dunha recomendación para que as autoridades cheguen a un acordo que permita a recepción do sinal en Galiza.

Nos compromisos en materia de cultura hai que destacar que o comité de expertos indica en relación con todos eles que a información facilitada é insuficiente.

Finalmente en relación coa vida social e económica, o Comité de expertos considera que o cumprimento das obrigas de dispor os documentos comerciais, bancarios e mercantís en galego é só parcial. Igualmente que non se cumpren os compromisos de promoción do galego na vida social e económica. Tamén destaca o incumprimento en materia de atención en galego en sanidade e servizos sociais e, sinaladamente, urxe a que os establecementos que prestan servizos sociais ofrezan a posibilidade dos seus usuarios ser atendidos en galego.

Nas relacións transfronteirizas aconsella a conclusión de acordos bilaterais con Portugal para o beneficio do galego.

As consideracións conclusivas xerais con respecto ao galego son: “A lingua está moi presente na vida pública incluída a administración local e rexional. No campo da educación, o Comité de expertos está preocupado pola redución gradual do ensino *en* galego en todos os niveis, incluíndo a estrutura de soporte. Polo que respecta aos medios de comunicación, non hai radios ou canais de televisión privadas en galego. Xa non hai medios escritos en papel en galego, só dous en formato electrónico”.

En definitiva, o cumprimento da Carta segue arrastrando graves deficiencias en Galiza que cronifican a avaliación negativa, aínda que diplomáticamente presentada, na maior parte dos ámbitos cubertos. A clara violación da Carta da normativa actual de ensino ou de xustiza,

acompañado polos incumprimentos máis parciais pero evidentes nos outros sectores debería levar a formular medidas de denuncia xudicial, e internacional ante o Consello de Europa, dun incumprimento non compatible cos compromisos adquiridos.

David Reinero⁽¹⁾

O discurso da oposición non calla no exterior

En maio do ano pasado o Parlamento de Galicia, co gallo do aniversario do éxodo do pobo palestino (a Naqba), emitiu unha declaración institucional subscrita por todos os grupos políticos. Nela pedíase o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas, dos Dereitos Humanos e “o recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas de que foron expulsadas”. Poucos días despois chegou á Cámara galega unha carta do embaixador israelí en Madrid que era o máis parecido a unha declaración de guerra que ten recibido Galicia nos últimos dous séculos. “Con esta exigencia, o Parlamento de Galicia únese aos peores e máis extremistas inimigos de Israel, xa que de feito suporía a desaparición do Estado de Israel”, dicía a misiva, que engadía que a postura unánime de todos os representantes da cidadanía galega “só serve para favorecer as posicións máis extremistas”. A réplica que lle deron os grupos parlamentarios, supostamente de acordo no fondo da cuestión, é unha das evidencias de que a Acción Exterior de Galicia hai tempo que non é, nin de lonxe, unha cuestión de país, se é que algunha vez o foi. A presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, emitiu unha nova carta lembrándolle ao embaixador as veces que se ten condenado o Holocausto no Cámara, o PP restou relevancia ao ataque israelí, o PSdeG mirou para outro lado e AGE e BNG foron coas súas protestas máis alá do pactado na declaración institucional inicial. Cada un reaccionou pola súa conta ou non reaccionou, sendo esta

a postura máis habitual da maioría da Cámara nos últimos tempos cando de acción exterior se fala, o que dificulta que o suposto discurso internacional da oposición calle nos medios de comunicación e na sociedade.

Que para o actual Goberno de Galicia a acción exterior non é unha prioridade máis alá da internacionalización da economía galega non é unha novidade. Pero se nun principio a oposición aínda se esforzaba en fiscalizar as políticas do executivo nesa materia e en propor ideas alternativas, nos últimos tempos PSdeG, AGE e BNG parecen querer darlle a razón aos non poucos analistas que veñen advertindo de que o Goberno galego non ten oposición no Parlamento autonómico, sumidos como están os distintos grupos en sucesivas e nunca ben pechadas crises internas.

Que a Acción Exterior tampouco é agora mesmo unha prioridade para os grupos parlamentarios pódese comprobar analizando o último debate sobre o estado da autonomía, celebrado en outubro. Nel, os cinco grupos parlamentarios presentes na Cámara lanzaron 200 propostas de impulso político. Das 56 que se aprobaron (40 a iniciativa do PP e 16 da oposición), só unha tivo algún tipo de vencello coa acción exterior. Impulsouna o PP, co apoio do PSdeG, o voto en contra de AGE e a abstención de BNG e Grupo Mixto, para ratificar a denominada Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, que en teoría xa estaba desenvolvendo o Goberno, para “facер dos mercados exteriores un motor de crecemento”. Das

(1) Xornalista

restantes 55 propostas aprobadas, tan só outra que foi impulsada en solitario polo PP fala da diáspora, pero limítase a apostar por potenciar a participación de mulleres e mozos “na vida asociativa das entidades e comunidades galegas asentadas fóra de Galicia” para garantir a súa continuidade, obviando calquera vencello coa acción exterior.

Do mesmo xeito que o debate sobre o estado da autonomía plasmou a aposta do Goberno galego e do partido que o sustenta pola visión economicista da acción exterior e ratifica a desconexión progresiva de Galicia que está a experimentar a diáspora, tamén as propostas da oposición rexeitadas polo PP viñeron ser un resumo bastante aproximado dos asuntos nos que adoitan poñer o foco ao longo de todo o ano nas súas sucesivas iniciativas políticas, sexan parlamentarias ou extraparlamentarias. A principal proposta do PSdeG foi pedir a supresión do voto rogado e a implantación do sufragio en urna para a diáspora. O Grupo Mixto escindido de AGE quixo criticar a pasividade da comunidade internacional ante a epidemia de ébola. A propia AGE reclamou unha lei de fomento da Cultura da Paz e o rexeitamento dos acordos de libre comercio entre a Unión Europea e os Estados Unidos. O BNG insistiu co “dereito a decidir” de Galicia “en pé de igualdade con outras nacións da Península, da Europa e do mundo”. E AGE e BNG coincidiron en reclamar ás institucións europeas unha maior sensibilidade para coa pesca galega. Foron iniciativas parciais, todas elas, que prescindiron de presentarse como unha parte máis dunha acción exterior transversal a todas as políticas da Xunta. Un silencio da oposición a respecto desta cuestión similar ao que mantivo uns días despois daquel debate, cando o Goberno galego anunciou, nun xa devaluado Consello de Acción

Exterior (CAEX), que reformularía a súa axenda exterior para potenciar aínda máis nela a súa estratexia de internacionalización económica.

Pouca atención en relación co global das súas propostas políticas dedica a oposición á acción exterior de Galicia tanto no debate totalizador de política xeral como no día a día. E, cando o fai, boa parte das súas iniciativas están relacionadas con cuestións da axenda europea (mar e agro, fundamentalmente), á que resulta ben difícil cualificar a estas alturas como unha cuestión exterior. Máis aínda cando a aposta por eses temas, estratéxicos para Galicia, coincide no tempo coa celebración en maio do pasado ano das eleccións ao Parlamento Europeo, o que fixo que todos os partidos, tanto antes como despois dos comicios, se esforzasen en facer ver que, por moito que non se fale do seu traballo, os seus respectivos europarlamentarios esfórzanse moito en Bruxelas e Estrasburgo pensando nos intereses de Galicia. Aínda que o día a día demostre que uns fan máis que outros.

Foron ademais as do ano pasado unhas eleccións europeas que coincidiron no tempo co proceso en marcha de desprazamento dos marcos da esquerda, que é o espectro ideolóxico no que coincide, aínda que sexa nominalmente, a oposición galega. Pero dentro del os referentes exteriores non parecen estar tan claros como antes. Segue o PSdeG mirando ao Partido Socialista portugués como un socio? En que se reflectiu o achegamento de AGE e BNG ao agora estancado Bloco de Esquerda? É Syriza un mellor referente? Como diferenciar as propostas da formación grega das de Podemos, que aínda non ten discurso exterior e espanta aos actuais grupos da oposición?

Por outra banda, a sospeita de que o interese dos partidos por segundo que temas é soamente electoral fai pensar que, a medida

que se aproximen as vindeiras eleccións xerais e autonómicas, a temática europea irá cedendo espazo para que renazan con máis forza as propostas sobre o voto emigrante e Iberoamérica.

E pouco máis hai se rebuscamos nos debates políticos, dentro ou fora da Cámara, sobre outras cuestións exteriores. As viaxes internacionais de membros do Goberno galego só están a servir para que a oposición poña en dúbida o seu custe e a súa falta de transparencia, non para que se analicen os seus efectos prácticos nin para ofrecer ideas alternativas. Portugal e a Eurorexión hai tempo que non aparece nos debates principais da Cámara. E a principal aposta pola lusofonía, aínda que apadriñada fortemente polos escanos nacionalistas, revela no seu propio nome, o de Iniciativa Lexislativa Popular Paz Andrade, que o Parlamento limitouse a facer de correa de transmisión da sociedade para ofrecerlle ao Goberno unha nova posibilidade de incumprir outra lei.

Este panorama podería facer pensar que os partidos da oposición non teñen alternativa política para a acción exterior. Pero cando se lles pregunta directamente, a resposta son ducias de documentos políticos ao respecto. Así que a conclusión á que hai que chegar é que, malia que sobre o papel existen ideas transversais, a oposición non é quen de facelas visibles máis que en contados casos puntuais motivados xeralmente por unha axenda imposta desde fora. Iso, e que a acción exterior tampouco é a súa prioridade.

Celso Cancela Outeda

Galicia e a política de cohesión 2014-2020: reorientando o rumbo

Unha ollada ao pasado

En 2015, cúmprense catro décadas da implantación da política rexional (en 1975 botou a andar un dos actuais fondos, o coñecido FEDER). Posteriormente, a mediados dos oitenta, foi reformada, con ocasión da aprobación da Acta Única Europea, para enfrontar e compensar os efectos negativos da implantación do Mercado Interior e da adhesión dos estados mediterráneos. Porén, a gran reforma da política rexional realizouse en 1988 coa introdución promoción da cohesión económica e social, de mecanismos de coordinación dos fondos europeos e da planificación plurianual. En 1991, o Tratado da Unión Europea fixou a cohesión económica e social como obxectivo da UE, ao tempo que duplicou as cantidades dos fondos estruturais e se constituíu o fondo de cohesión para mitigar os previsibles efectos negativos que ocasionaría da Unión Económica e Monetaria selada en Maastricht (Perspectivas Financeiras 1994-1999). Nas negociacións das Perspectivas Financeiras para o período 2000-2006, os fondos que nutiron a cohesión foron regulados en atención á Axenda 2000 (documento estratéxico confeccionado en previsión da ampliación), coa vontade de conter o presuposto comunitario, ao tempo que se instaurou un fondo específico para a ampliación aos estados do centro e leste do Continente.

As Perspectivas Financeiras 2007-2013 reflectiron as prioridades da Unión Europea

(xa ampliada a 25 estados membros durante as negociacións e 27 ao longo da súa implementación) para este período tomando agora como referente a Estratexia de Lisboa. No referido á política de cohesión, redefiníronse os obxectivos e mudaron as categorías de rexións (ata esta etapa falábase de rexións Obxectivo 1, Obxectivo 2,...) que pasaron a denominarse: Obxectivo Converxencia (incluía os Estados membros e as rexións menos desenvolvidas da UE-27; neste grupo contemplábase unha axuda transitoria ou *phasing-out* para as entidades rexionais prexudicadas polo efecto estatístico); Obxectivo Competitividade rexional e emprego (destinado aos Estados membros e rexións non cubertos polo anterior Obxectivo Converxencia, dado que persistían necesidades significativas como consecuencia de reestruturacións económicas e sociais. Tamén, se incluía un tratamento especial transitorio ou *phasing-in* para as rexións que deixaban o antigo Obxectivo 1 a causa do seu propio desenvolvemento (efecto crecemento); finalmente, a prioridade Obxectivo Cooperación territorial e europea acollía programas transfronteirizos e transnacionais destinados a tratar problemas específicos derivados da instauración dunha economía integrada no conxunto da UE.

A cohesión responde a un esquema de carácter evolutivo e dinámico. En xeral, as transformacións rexistradas ata actualidade resultaron, sobre todo, de forzas ou factores

intracomunitarios (disparidades económicas e sociais internas e impacto da UEM, ampliacións); porén, na presente configuración da cohesión pesa a necesidade de enfrontar desafíos extracomunitarios e globais (competitividade internacional).

Unha ollada ao presente

En primeiro lugar, no momento actual é preciso lograr que Europa sexa quen de competir coas potencias emerxentes no mercado mundial constitúe o fundamento da Estratexia Europa 2020 (2010). Esta busca impulsar e fomentar un crecemento máis competitivo, sostible e integrador. A política de cohesión semella chamada a converterse na principal estratexia de inversión da UE, o instrumento principal para acadar os obxectivos desa Estratexia. A política de cohesión e a Estratexia 2020 están aliñadas. No actual contexto de austeridade, a política de cohesión foi concibida como unha panca para a recuperación e o crecemento económico, a xeración de emprego, o incremento da competitividade e da produtividade, a mellora da eficiencia enerxética,....

En segundo lugar, cómpre destacar que o contexto negociador estivo condicionado polas limitacións orzamentarias a nivel nacional que se traduciu en que, por primeira vez na historia, o orzamento da UE contraerase durante o período 2014-2020 (mingua nun 3% respecto do anterior). Este resultado responde ao impacto da crise económica sobre o orzamento da UE. En efecto, o Marco Financeiro Plurianual (MFP) da UE (2014-2020) (aprobado no Consello Europeo do 7 ao 8 de febreiro de 2013) --documento que determina en que prioridades políticas se gastará o orzamento e como será financiado-- establece un orzamento para os programas dese período que ascende a 336 000

millóns de euros (no período 2007-2013 foi de 350 000 millóns de euros). En termos políticos, o resultado deu satisfacción aos estados contribuíntes netos que viñan demandando a aplicación do criterio de austeridade, inspirador dos orzamentos estatais, e esixiron a limitación do orzamento ao 1% da Renda Nacional Bruta da UE. En termos porcentuais, a política de cohesión supón un 32,5% do total do MFP (aínda que, xunto coa PAC, perde peso); pola contra, gañan relevancia os recursos dos capítulos dedicados á competitividade.

A política de cohesión adoptou un enfoque estratéxico e incide na coordinación das inversións realizadas pola UE (e polos Estados membros) e no aproveitamento das sinerxías dos diferentes fondos (ao tempo reforza a gobernanza económica). Neste senso, o Marco Estratéxico Común (MEC)(documento elaborado pola Comisión Europea no que se plasman as prioridades estratéxicas da UE e que servirá de marco para os Estados membros) prevé a coordinación efectiva dos fondos europeos de cohesión (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo Social Europeo e o Fondo de Cohesión; España non é elixible para este Fondo), pesca (Fondo Europeo Marítimo de Pesca), e agricultura (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) e outros instrumentos financeiros. A partir deste punto, cada un dos Estados membros elaborou unha proposta de Acordo de Asociación (AA) que concreta e adapta ao eido estatal o MEC. No caso español, despois dunha etapa de negociacións, o 30 de outubro de 2014 asinouse coa Comisión Europea o *Acuerdo de Asociación sobre la utilización de los Fondos Estructurales y de Inversión de la UE para el crecimiento y el empleo en 2014-2020*. Segundo datos oficiais, neste período España recibirá 28.600 millóns de euros pola vía

do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondos Social Europeo (FSE). Esa cantidade complétase con outros 8.290 millóns de euros con cargo ao FEADER (desenvolvemento rural) e 1.160 millóns de euros para a pesca e o sector marítimo dentro do FEMP. Esta arquitectura completase coa elaboración de Programas Operativos que, para o caso español, tradúcese en 22 programas operativos cofinanciados polo FEDER e 23 cofinanciados polo FSE. Como indicamos, o Estado español queda excluído do Fondo de Cohesión.

Os Fondos Europeos e de Inversión réxense por un conxunto de regulamentos aprobados a finais de 2013 (un regulamento xeral coas disposicións comúns aplicables a todos eles e regulamentos específicos para cada fondo). Estas normas aportan unha serie de novidades que se resumen en: aplicación do principio de concentración temática (as axudas deben aplicarse a un número de obxectivos e prioridades reducido), simplificación da xestión, enfoque de resultados (intelixencia e eficacia no uso dos fondos e sistema de recompensa) e incremento da coordinación dos Fondos Europeos con outras políticas e instrumentos para lograr os obxectivos globais da Estratexia 2020. De acordo co este marco normativo e desde a óptica galega, as rexións europeas quedan agrupadas en tres categorías:

- » Rexións “menos desenvolvidas” (cun PIB per cápita <75% da media UE-27); no caso español só Extremadura pertence a esta categoría.
- » Rexións “en transición” (do 75% ó 90% media UE-27): Andalucía, Castilla-La Mancha, Murcia e Canarias. (esta categoría substitúe ás rexións *phasing-out* y *phasing-in*)
- » Rexións “máis desenvolvidas” (PIB per cápita superior ao 90% da media UE-27); no caso

español figuran as Comunidades Autónomas non mencionadas, entre as que se atopa Galicia.

No conxunto da UE, as rexións “menos desenvolvidas” recibirán máis da metade dos recursos da política de cohesión (51%). O segundo grupo recibirá un 10% e o terceiro, o correspondente a Galicia, recibirá o 15%. En xeral, estimase que o Estado español seguirá sendo receptor neto, aínda que a redución dos fondos está arredor do 20-30% respecto do anterior período 2007-2013.

O principal cambio referido a Galicia é a saída do grupo de rexións de converxencia para pasar a integrar a categoría de rexións “máis desenvolvidas”. Non obstante, recibirá un trato especial grazas a previsión das chamadas “redes de seguridade”, concibidas para as rexións en transición coa fin de proporcionarlles unha saída gradual a aquelas que no período financeiro 2014-2020 perderan a condición de rexión de converxencia. Trátase de evitar modificacións bruscas no financiamento. Finalmente, as Comunidades Autónomas cun PIB per cápita durante el período 2007-2013 inferior ao 75% da media da UE-25, pero cuxo PIB per cápita sexa superior ao 75% da media da UE-27 durante 2014-2020, recibirán como mínimo o 60% da súa asignación anterior. A pertenza a esta nova categoría rexional tamén repercute na confección dos programas operativos xa que establecen porcentaxes mínimos de recursos que deben aplicarse a obxectivos temáticos ou prioridades de inversión (por exemplo, eficiencia enerxética, enerxías renovables, fomento do emprego e apoio á mobilidade laboral) segundo do fondo concreto de que se trate.

En relación cos Programas Operativos, segundo a información da web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no período 2014-

2020, Galicia recibirá uns 2.811 millóns de euros (datos estimados) grazas ás achegas procedentes do FEDER e do FSE, principalmente, e dos programas encadrados na Cooperación Territorial Europea. A concreción das inversións realízase por medio dos Programas Operativos que deben contar coa aprobación final da Comisión Europea. Actualmente, no que se refire a Galicia os Programas Operativos cofinanciados son:

- » Galicia-FEDER, 2014-2020
- » FEDER Crecemento Intelixente 2014-2020
- » FEDER Crecemento Sustentable 2014-2020
- » FEDER Iniciativa PEME 2014-2020
- » Galicia-FSE 2014-2020
- » FSE Emprego Xuvenil 2014-2020
- » FSE Emprego, Formación e Educación 2014-2020
- » FSE Inclusión Social e a Economía Social 2014-2020
- » FSE Asistencia Técnica 2014-2020
- » Fondo de Axuda Europea para as persoas máis desfavorecidas (FEAD) 2014-2020. (pendente de aprobación)
- » Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 (aprobado pola Comisión Europea o 12 de febreiro de 2015). Nesta liña, mencionemos que a Rexión Norte de Portugal terá a consideración de rexión “menos desenvolvida” o que debe ser tomado en conta dende a perspectiva galega, en particular, no relativo á cooperación territorial (transfronteiriza e interrexional).
- » Programa Operativo Transnacional Espazo Atlántico,
- » Programa Operativo Transnacional Espazo Sudoeste
- » Programa Operativo Interrexional (estes tres últimos aínda están pendentes de aprobación pola Comisión Europea)

En resumo, tanto se ollamos cara o pasado como cara o futuro, desde a óptica galega, a política de cohesión merece unha valoración positiva, sen dúbida. Para o período 2014-2020, Galicia logrou garantir unha porcentaxe importante do financiamento a pesares das circunstancias adversas. Porén, a nova política de cohesión (como xa indicamos as prioridades xa comezaron a reorientarse a principios do século coa Estratexia de Lisboa) esixe modificar, non só aspectos relacionados coa xestión pública administrativa, senón tamén a preparación de recursos humanos capacitados para a elaboración e xestión programas e proxectos neste novo marco que abre novos horizontes. Non se pode obviar a presenza nos diferentes niveis da administración pública de persoal cualificado e experimentado no deseño e xestión de programas e proxectos. Noutras palabras, existe un importante caudal de experiencia acumulada que é preciso aproveitar e reorientar cara as prioridades e obxectivos temáticos da política de cohesión. Esta chamada de atención debe facerse extensiva aos actores privados económicos e sociais. Se cadra esta será máis precisa no horizonte de 2020, cando é de agardar unha redución acentuada das achegas financeiras.

É ineludible comezar a adaptación de institucións públicas e actores socioeconómicos ao actual e o futuro escenario da cohesión. O tempo das realizacións e resultados materiais inmediatos rematou (alomenos en parte); chega a xeira dos inmateriais, intanxibles e, probablemente, de medio prazo. Isto esixe cambios nos profesionais públicos e nos responsables políticos. En caso contrario, resentirase a lexitimidade que aportou esta política pública a través da consecución de resultados que redundaron na mellora da calidade de vida. Por último, a política de cohesión, sen dúbida,

supón un exemplo de solidariedade efectiva e real a escala europea; en definitiva, unha forma de “facer” Europa que beneficiou a Galicia e que seguirá facéndoo se somos quen de reorientar o rumbo.

Pilar Rojo Noguera⁽¹⁾

Presidencia galega da CALRE 2014. Balance e perspectivas

Malia o elevado volume de competencias sobre as que exercen a súa función legislativa, de control e impulso, os Parlamentos rexionais europeos padecen un déficit crónico de presenza institucional máis aló dos seus respectivos ámbitos xeográficos. Por iso, e a pesar de que no momento actual se adoita cuestionar a utilidade de todo tipo de entidades, a Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas (CALRE) constitúe unha organización imprescindible para contribuír a visibilizaar e reivindicar o papel esencial que as diferentes cámaras representan no entramado institucional europeo.

Dito con outras palabras: se os 74 parlamentos rexionais, que representamos a máis de 200 millóns de cidadáns, queremos ter presenza e ser escoitados nas institucións europeas e noutros foros, resulta obrigado organizarse e traballar como un verdadeiro grupo de presión.

Desde a súa creación, no ano 1997, en Oviedo, a CALRE atravesou diferentes etapas, con luces e sombras.

Cando na Asamblea Xeral da CALRE celebrada en Bruxelas en outubro de 2013 asumimos desde Galicia o encargo unánime para presidir esta organización durante o ano 2014, fixémoslo co compromiso de tentar reactivar, consolidar e expandir a súa capacidade de traballo e a súa interlocución, tanto no ámbito europeo como no internacional. E fixémoslo co obxectivo último de promover a democracia rexional, impulsando a aplicación do princi-

pio de subsidiariedade e unha gobernanza de proximidade dirixida a afondar na dimensión rexional de Europa a través da integración das rexións con poder legislativo no funcionamento das institucións europeas.

Convén recordar que a CALRE carece de estrutura organizativa propia, con todas as dificultades que iso implica: ausencia de persoal, de sede e de recursos técnicos propios. Esta carencia esténdese tamén, como é natural, a cada un dos catro grupos de traballo que integran a CALRE 2014: Subsidiariedade, Política de Cohesión, E-democracia e Inmigración.

O primeiro reto consistiu, polo tanto, en reactivar a organización. Ante a falta dunha sede propia, optamos por impulsar unha sede virtual, o sitio web www.calerenet.eu, co respaldo puntual do Comité das Rexións, que nos cedeu a súa sede de Bruxelas para a as reunións periódicas do Comité Permanente da CALRE.

Esta filosofía de achegamento a outras institucións levounos a afondar na colaboración, en primeiro lugar, co Comité das Rexións, no ámbito da UE; e co Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa, como órgano impulsor da democracia e os dereitos humanos en todo o continente europeo.

Aínda que as autoridades locais rexionais dispoñen, actualmente, dun maior recoñecemento que no pasado para facer fronte aos diferentes retos formulados, especialmente a través do exercicio do principio de subsidiariedade, queda aínda moito camiño por percorrer.

(1) Presidenta do Parlamento de Galicia. Presidenta da CALRE 2014 e vicepresidenta da CALRE 2015

Desde os parlamentos rexionais con capacidade legislativa reclamamos un mecanismo de participación nas fases iniciais ou previas do procedemento legislativo europeo, na medida en que as nosas institucións resultan directamente afectadas polas normas europeas superiores.

Por esa razón, a Asemblea Plenaria da CALRE 2014, cebrada en Santiago de Compostela a principios de novembro, aprobou unha Declaración institucional (extracto adxunto) na que se avoga por reforzar a relación da Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais coas institucións europeas e, de maneira especial, co Parlamento Europeo e coa COSAC (Conferencia das comisións de asuntos europeos dos parlamentos nacionais da Unión Europea), ademais de reforzar os mecanismos para a aplicación real do principio de subsidiariedade desde os legislativos rexionais.

Co CdR estableceuse un grupo mixto de traballo integrado no Grupo da CALRE sobre subsidiariedade. Ao tempo, propúxose un acordo orientado a lograr a presenza permanente da CALRE no seo deste órgano consultivo da UE para a política rexional, e formalizouse a adhesión da CALRE á Carta de Gobernanza a Multinivel do CdR.

Froito dese buscado achegamento ao Comité das Rexións, a Presidencia da CALRE participou no foro que reúne periodicamente os titulares das principais asociacións de ámbito rexional e local da UE co presidente da Comisión Europea, unha reunión anual que se celebrou en Bruxelas en setembro de 2014.

E co Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa estableceuse un grupo de traballo mixto no que participan os grupos da CALRE sobre Inmigración e sobre E-democracia.

No ámbito internacional, buscamos o achegamento á Conferencia Nacional de Legislativos de Estados Unidos (NCSL), organización homóloga á nosa. Co mesmo obxectivo, mantivéronse contactos coa UNALE, a rede de parlamentos rexionais de Brasil; coa COPA, a Confederación de Parlamentos das Américas; co TCF, o Foro comunitario de representantes locais de Taiwán; coa Alianza de Conselleiros Locais de Xapón; e coa Asemblea Nacional de Quebec (Canadá). Boa parte destas entidades estiveron representadas na Asemblea Xeral de Santiago.

Sexa no ámbito da Unión Europea, sexa no extracomunitario, a Presidencia da CALRE 2014 contribuíu a reforzar a credibilidade da organización que aglutina os parlamentos rexionais europeos, a maioría dos cales a consideran un instrumento útil e necesario para a súa acción exterior.

Rematado o mandato confiado ao Parlamento de Galicia, asumiu a Presidencia da CALRE 2015 o presidente do Consello Rexional de Lombardía, Raffaele Catanneo, europeísta convencido e bo coñecedor da organización, dada a súa experiencia previa como presidente do grupo de traballo sobre subsidiariedade.

Pola miña parte, no exercicio de 2015, de acordo cos estatutos da CALRE, ostentarei a Vicepresidencia da organización, desde a que seguirei colaborando na construción dun futuro de oportunidades para o parlamentarismo rexional e, por extensión, para unha Europa máis forte, máis igualitaria e con máis oportunidades para todos os cidadáns.

DECLARACIÓN de Galicia CALRE 2014*

Santiago de Compostela, 8 de novembro 2014

EXTRACTO:

Primero.- La legitimidad de la construcción europea.

La CALRE está dotada de legitimidad democrática pues representa directamente a sus ciudadanos a nivel europeo.

El descrédito que sufre Europa ante parte de los ciudadanos implica la necesidad de incluir a los parlamentos regionales en el procedimiento de recuperación de su legitimidad, sobre ideas de consenso e integración.

Segundo.- Los retos concretos de los parlamentos regionales en el nuevo mandato de la Unión Europea.

1. Aspectos generales

La CALRE se muestra sensible con las dificultades geopolíticas actuales y hace un llamamiento a la reivindicación de los mecanismos negociadores y del derecho internacional para la resolución de conflictos

La CALRE transmite su apoyo a las políticas de los estados miembros en la lucha contra la corrupción y la promoción de la transparencia de las instituciones.

La CALRE cree que los parlamentos regionales con potestades legislativas han de participar en los estudios de estabilidad presupuestaria de las medidas económicas a tomar, desde una perspectiva de evaluación del impacto territorial y no estrictamente macroeconómico de las decisiones estructurales adoptadas.

2. El reto de la igualdad de género: su alcance transversal.

Los parlamentos que integramos la CALRE defendemos la igualdad entre mujeres y hombres, especialmente en lo referido a la independencia económica, igualdad en el salario, la representación de las mujeres en la toma de

decisiones y en los puestos de responsabilidad, y el respeto de la dignidad e integridad de las mujeres, así como la erradicación de la violencia de género.

La CALRE manifiesta su preocupación por la juventud y las necesidades de mejora de sus capacidades educativas y de formación laboral. Debe garantizarse que los jóvenes europeos alcancen un empleo de calidad, educación continua y formación para superar el desempleo juvenil y mejorar la transición de la escuela al trabajo.

Tercero.- La dinámica institucional en la construcción europea. Los parlamentos regionales en la Unión Europea.

Es necesario garantizar que las asambleas regionales con poder legislativo puedan trabajar a nivel europeo en el fortalecimiento del control y análisis para asegurar el respeto del principio de subsidiariedad por parte de las instituciones de la UE.

Cuarto.- Estrategias Europeas y el Futuro de Europa

Las regiones europeas quieren, respetando el marco de estabilidad y crecimiento, posibilitar el logro de los necesarios ajustes en el marco presupuestario de la UE para el período 2014-2020 para que su aplicación se pueda adaptar a las necesidades específicas de las diferentes regiones de la Unión Europea.

Quinto.- El impulso de la CALRE.

La CALRE debe reforzar el control del principio de subsidiariedad e implicarse cada vez más en los trabajos del Comité de las Regiones.

La CALRE solicita el reforzamiento de sus relaciones con el Parlamento Europeo, que en la actualidad ha jugado un importante papel como defensor de la consolidación de los sistemas parlamentarios en todo el mundo. Asimismo, la CALRE solicita el fortalecimiento de la

colaboración con los parlamentos nacionales, incluyendo a través del diálogo con la COSAC, la Conferencia de los Comités de asuntos europeos de los Parlamentos Nacionales de la UE. La CALRE está convencida de que los intercambios de información y de buenas prácticas entre los parlamentos a diferentes niveles – Europeo, nacional y regional –favorecen y fortalecen sus funciones dentro de cada país y contribuyen a la difusión global de los valores democráticos.

Sexto.- El Camino de Santiago en la construcción de Europa.

El Camino de Santiago, Primer Itinerario Cultural de Europa, es una de las grandes riquezas comunes a todos los europeos.

El camino del diálogo, la concordia y el conocimiento mutuo que están en la base del hecho jacobeo son la esencia también del intercambio parlamentario y de la permanente negociación que la construcción de la Unión Europea supone.

Álvaro Xosé López Mira⁽¹⁾

A PRESENZA GALEGA NO PARLAMENTO EUROPEO TRALAS ELECCIÓNS DE 2014

Probablemente ningunha elección de representantes ao Parlamento europeo mereceu tanta atención mediática como a celebrada o 25 de maio de 2014. O deterioro institucional posto de manifesto tras unha crise económica de seis anos, que aínda parece interminable, canalizou o foco dos cidadáns europeos cara a uns comicios considerados habitualmente de segundo rango. Nunhas democracias representativas asentadas en partidos, os ventos de cambio que xa varreran a maioría dos gobernos dos países membros agoiraban –como as propias enquisas– unha cicloxénese disposta a mudar unhas estruturas partidistas de varias décadas que parecían inmutables e pivotaban, en xeral aínda que con non poucos matices aquí inabordables, sobre un partido de electores no centro-dereita e outro no centro-esquerda.

Pois ben, demócrata-cristiáns e socialdemócratas non chegaron a acadar o 50% dos votos dos electores europeos e só a superar levemente a metade dos 751 escaños do Europarlamento. Cunha participación semellante á de 2009 algo superior ao 43% e mantendo medias ben máis baixas nos países do antigo bloque do leste (en Eslovaquia dun 13%!), do norte ao sur do continente e cunha diversidade ideolóxica e programática de difícil etiquetado e complexa taxonomía: xenófobos, populistas, ultradereitistas, neonazis, ultraesquerdistas, antieuropeístas son algúns dos numerosos inten-

tos de catalogación desta miscelánea de forzas políticas que, nalgúns casos, parecen ir configurándose como cribles alternativas de poder no seo dos seus Estados como vén de confirmar o recente exemplo grego. En Francia, Reino Unido, Dinamarca ou Grecia trunfaron formacións –digamos– non homologables co *status quo* político tradicional neses países, pero é que tamén nos outros grandes, Alemaña, Italia e España⁽²⁾, partidos englobables nalgunha das anteriores tipoloxías obtiveron magníficos, mesmo sorprendentemente, resultados.

A tónica de ruptura do bipartidismo imperante no continente desde hai máis de seis décadas, tamén irrompeu na máis recente democracia española: Cunha participación achegada ao 46% (un punto máis que hai cinco anos), a suma dos votos de PSOE e PP, tradicionalmente superior ao 80%, quedou pouco por riba do 49% (a de escanos foi do 55´5%) e baixaron de 47 a 30 escaños dos 54 que lle corresponden ao Estado español, perdendo entre os dous, de xeito bastante equitativo, máis de cinco millóns de votos e máis de trinta e catro puntos porcentuais. Doutro lado, as formacións políticas que acadaron representación pasaron de seis en 2009 a dez en 2014 e outras cinco superaron os 100.000 sufraxios (unha delas os 200.000) e 750.000 entre todas elas malia non acadar,

(1) Universidade de Vigo

(2) En Polonia, o seguinte país máis grande, tamén un partido bastante extremista como é o PiS (Dereito e Xustiza) empatou en escaños co máis votado, pero o certo é que xa leva algún tempo incrustado no seu sistema político mesmo gobernando.

finalmente, asento no Parlamento. Cómpre non esquecer os case 360.000 votos en branco, un 2,29%, máis que algunhas candidaturas que acadaron escano. Aproximadamente un 10% dos votos emitidos non se transformaron en escano, unha cifra que reverte, de xeito parcial, a irrefreable tendencia cara ao chamado voto útil, tantas veces empregado como subterfuxo protector dun escaso pluralismo político.

Galicia ten algúns elementos diferenciais que cómpre mencionar. Como case sempre o PP logra mellores resultados que a súa media española (9 puntos porcentuais máis), pero o seu 35% de voto implica retroceder 15 puntos con respecto a 2009. O PSOE ten só algo máis dun punto menos ca súa media española, pero o seu retroceso en Galicia achégase aos 14 puntos; máis de 350.000 votos entre os dous (aproximadamente a cifra de votos acadada polo PP en 2014), polo que as perdas conxuntas son algo menores que no conxunto español (case 29 puntos) o que permite que a suma bipartidista en Galicia se achegue ao 57%. Por outra banda, a abstención case iguala a devandita media. Pola súa parte o BNG perde máis de un punto e de 20.000 votos nunha alianza distinta en relación con anteriores comicios europeos nos que o pacto era con CiU, PNV e Coalición Canaria; nesta ocasión asinouno con *EH Bildu* na candidatura *Los Pueblos deciden* que acadou un escano, pasando a ser o Bloque quinta forza política no país. Alianza Galega de Esquerdas (AGE), xuntoiro de Anova-Irmandade Nacionalista e Esquerda Unida que se estreara nas autonómicas de 2012 con case un 14% de votos rachando unha estable tríada política galega de cerca de vinte anos, superou nesta convocatoria o 10,5% quedando, como daquela, en terceiro lugar e integrada na candidatura *La Izquierda Plural* que acadou seis escanos no

conxunto do Estado e preto dun 10% dos sufraxios. Pola súa parte, o sorprendente *Podemos* sobrepasou levemente en Galicia a súa media estatal (8,34% e 7,97%, respectivamente; en Madrid sobordou o 11%), ocupando en ámbolos casos a cuarta posición e cinco escanos en Estrasburgo. UPyD quedou en Galicia case na metade do 6,5% logrado a nivel estatal que lle serviu para lograr catro escanos. *Coalición por Europa* (suma de CiU, PNV, CC) levou en Galicia como socio a Compromiso por Galicia (CXG) e, malia lograr manter os tres escanos de 2009, tiveron porcentaxes de voto moi diferentes en cadansúas nacionalidades: 27,45% en Euskadi, 21,86% en Catalunya, 12,21% nas Illas Canarias, 0,95% en Galicia, para unha media estatal de 5'44%. O voto nulo superou en sete décimas a media española e o branco case outras sete (roldou o 3%). A suma conxunta destes e das candidaturas menores case chegou a algo máis do 16% dos votos emitidos polos galegos, case once máis que nas eleccións de 2009, confirmando o descenso do eufemístico voto útil que xa se rexistrara nas autonómicas do 2012.

Canto aos representantes galegos no Parlamento Europeo cómpre sinalar que se produce un descenso cuantitativo, aínda que aquí habería que introducir o tema, seguramente non pacífico, de se os parlamentarios electos de partidos estatais son representantes galegos ou españois porque, o que parece obvio, é que pode existir dicotomía na defensa de intereses contrapostos nun e noutro caso. Experiencias previas existen de votar en sentido diferente os membros dunha mesma forza política (en partidos de disciplina estatal) en función de se están no Parlamento galego ou nas Cortes

Xerais do Estado⁽³⁾. Tamén cumpriría salientar que a capacidade de influencia dun deputado ou deputada pode vir determinada polo grupo parlamentario no que se ubica, pero o problema de non ter representantes estruturados territorialmente (no caso español todo o Estado é circunscrición única), provoca que se dilúan as súas posibles iniciativas a prol do seu territorio salvo que sexan partidos que defendan, precisamente, esa identidade territorial diferenciada, sexan nacionalistas, autonomistas, rexionalistas ou independentistas.

Sinalado isto, cómpre engadir que tanto o PP como o PSOE contan con cadanseu deputado de orixe galega en Estrasburgo: Francisco Millán Mon (que repite) e o ex ministro José Blanco López. A práctica de anteriores representantes destas forzas políticas no Europarlamento, incluso sendo máis numerosos os de orixe galega, demostra que a galegitude dos mesmos unicamente se exterioriza, e bastante timidamente, á hora de pedir o apoio dos electores, sendo, xa que logo, tributarios das directrices políticas dos seus partidos ou dos seus grupos parlamentarios, moito máis nun contexto de gran coalición *de facto* como o que existe neste momento nos distintos organismos da Unión Europea. Doutra banda, estaría a activísima eurodeputada do BNG, Ana Miranda, quen terá que repartir a lexislatura co representante de *Bildu*, Josu Juaristi. Ademais, como novidade, a histórica líder sindicalista labrega, Lidia Senra, acadou tamén un escano dentro das listas integradas en *La Izquierda Plural* de Anova-Irmandade Nacionalista. A dimisión do veterano eurodeputado de *Izquierda Unida* Willy Meyer antes de tomar posesión do seu es-

cano, propiciou que outro galego (número sete da lista), Javier Couso, irmán do malogrado José Couso, accedese ao Parlamento europeo pola antedita formación, aínda que postulado pola federación balear. O candidato que CXG aportou á lista da Coalición por Europa, Paulo Carlos López, ocupaba o número seis da mesma e non chegará a tomar posesión como deputado, aínda que si poderá cursar iniciativas a través dos seus coligados.

Que dimensións de galegitude para Europa e viceversa poden emanar desta conformación nos vindeiros cinco anos a través da cámara de representación europea non é algo que resulte fácil dilucidar, aínda que é ben certo que os transmisores de mensaxes políticas están a acadar unha dimensión plural grazas á rede e iso posibilita que chegue a nós (a parte de nós, en realidade) o labor que alá están a facer por este país, non o é menos que este feito non permite obviar que o nesgo maioritario aínda é o que establecen as grandes axencias de comunicación e os *media* máis poderosos, e aí resulta raro que exista o suficiente pluralismo como para recordarnos aos electores que debemos esixir unha dación de contas polo labor desempeñado polos nosos representantes, e iso xa sabemos que no Estado español non existe de xeito multidireccional. Sen dúbida sería moi diferente se os/as cinco deputados e deputadas que acabamos de indicar fosen unidos nun só grupo que defendese como primarios os intereses de Galicia. Non hai que ser profeta para adiviñar que non será o caso.

(3) Mesmo aconteceu que unha deputada tivo ocasión de votar en distinto sentido sobre idéntico asunto porque cambiou de Cámara (do Parlamento galego ao Congreso dos deputados) nunha mesma lexislatura.

Francisco Millán Mon⁽¹⁾, José Blanco López⁽²⁾, Ana Miranda⁽³⁾⁽⁴⁾

Qué esperamos de Europa?

Francisco Millán Mon

Introdución

Estamos nun momento crucial en Galicia e en España. Despois de anos de crise, estamos xa, claramente, na recuperación. A Unión Europea e os fondos europeos son moi importantes para que en Galicia se consoliden a creación de emprego, o crecemento e a modernización da economía. Necesitamos manter o diálogo constante coas institucións europeas e que as forzas políticas maioritarias nos Estados membros se gan comprometidas co proceso de integración.

a) Qué prioridades observa para Galicia o seu grupo parlamentario de cara á nova lexislatura do Parlamento europeo 2014-2019?

Dende o Partido Popular (PP) queremos que as prioridades galegas e españolas se convertan en prioridades europeas. Impulsaremos, por conseguinte, todas aquelas iniciativas que contribúan ao crecemento e á creación de emprego. A loita contra o desemprego xuvenil seguirá sendo un obxectivo prioritario. Conseguimos que España sexa o país máis beneficiado da solidariedade europea para facer fronte a este problema e estamos a obter resultados positivos.

Galicia é a primeira rexión pesqueira de Europa e dende o PP velaremos por unha adaptación harmoniosa do sector á reforma da Política Pesqueira Común (PPC). Estamos moi atentos á nova regulamentación, por exemplo en materia de descartes ou de medidas técnicas, asuntos moi importantes para a nosa frota. A frota artesanal e a acuicultura víronse beneficiadas pola reforma da PPC, pois gozarán de maiores posibilidades de financiamento no marco do novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. A defensa de sectores e artes tradicionais sostibles -como, por exemplo, o xeito, tan de actualidade- é tamén importante. Ademais da dimensión medioambiental, na pesca hai outras dúas dimensións esenciais: a social e a económica.

O futuro da pesca galega tamén está ligado á negociación de novos acordos con terceiros países, que seguiremos impulsando. Así mesmo, seguiremos atentos á loita contra a pesca ilegal non declarada e non regulamentada.

A Política Agraria Común (PAC) ocupa un lugar tamén prioritario. Ábrese un escenario novo co fin das cotas lácteas en abril do 2015. Cara ao futuro apostamos por unha mellora substancial dos mecanismos de xestión do mercado para ofrecer maior estabilidade nas rendas dos gandeiros e para facer fronte eventualmente a novas situacións de crise. Os nosos viños de calidade quedaron protexidos da ameaza dunha liberalización da produción e evitado así uns grandes riscos de desvalorización. Agora hai que aproveitar esa situación de estabilidade para mellorar a comercialización dos viños galegos dentro e fóra do territorio europeo.

(1) Partido Popular de Galicia (PPdG) – Grupo do Partido Popular Europeo.

(2) Partido Socialista de Galicia (PSdG) – Grupo da Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas.

(3) Bloque Nacionalista Galego (BNG) – Alianza Libre Europea (ALE)

(4) Tamén se interesou o parecer de Lidia Senra, de AGE, quen declinou participar nesta enquisa

Para a Xunta, a exportación é unha prioridade, pois converteuse nun sector clave para Galicia. Dende o Parlamento Europeo apoiamos acordos con terceiros países que abran as súas economías ás nosas empresas e aos nosos investimentos. Penso na negociación do Acordo de Comercio e Investimentos con EE.UU que estimularía o noso crecemento económico. Os nosos automóbiles, conservas, viños, téxtil... veríanse moi beneficiados. Penso tamén no afondamento dos acordos comerciais cos países latinoamericanos.

Nesta lexislatura procuraremos que a UE preste máis atención ao sector industrial. Promoveremos a súa competitividade e internacionalización así como a innovación e a investigación. Velaremos tamén polo financiamento que demandan as nosas PEMES - todas as posibilidades deben ser aproveitadas- e apoiaremos aos sectores estratéxicos galegos, como son o automóbil, forestal, naval -por fin cun novo *tax lease* que dará estabilidade ao sector, así como coa supresión das restricións a Navantia- e téxtil, entre outros.

A crise demográfica e o envellecemento son tamén asuntos prioritarios. As institucións europeas deben afrontar con máis decisión esta problemática.

Finalmente, quero destacar os Camiños de Santiago. Desde o PP español no Parlamento Europeo conseguimos que os Camiños de Santiago estean de novo entre os seus intergrupos.

b) Cómo observa a situación de Galicia ante a Política de Cohesión 2014-2020?

Dende a entrada de España na UE até 2013, Galicia viuse moi beneficiada polos fondos europeos, recibindo preto de 19.000 millóns de euros.

Na negociación das Perspectivas Financeiras 2014-2020 Galicia saíu moi favorecida, pois pese a saír das rexións obxectivo Convergencia, recibirá non menos dun 60% dos fondos estruturais que percibira no anterior período orzamentario. Recibirá uns 2.800 millóns de euros. Trátase da chamada rede de seguridade, un dos obxectivos esenciais perseguidos pola Xunta. Ademais, Galicia recibirá axudas de Desenvolvemento Rural (889,8M€) e da PPC (371,M€).

As prioridades da Unión para o período 2014-2020 céntranse na saída da crise. Galicia recibirá en total máis de 4.000 millóns de euros dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos, o que supón preto dun 81% do recibido no período anterior.

A Unión Europea require a cada rexión que destine os fondos a un número limitado de áreas. Así, Galicia destinará un 60% dos fondos do FEDER a catro eixos prioritarios: potenciar a investigación, a innovación e o desenvolvemento; mellorar as tecnoloxías da información; aumentar a competitividade das PEMES; e unha economía con baixas emisións de carbono. Desta forma, os fondos terán un maior impacto nos importantes retos aos que se enfrenta a nosa comunidade: un crecemento intelixente a medio e longo prazo baseado nun modelo produtivo de maior valor engadido e máis intensivo en coñecemento, mellorar a competitividade do tecido produtivo, a conservación e o respecto do medio ambiente, loita contra a pobreza e a desigualdade social, e combater o desafío do cambio demográfico.

A Política de Cohesión seguirá contribuindo ao crecemento e a modernización da economía galega como veu facendo durante os últimos 30 anos, o que supuxo unha converxencia crecente entre a renda galega e a renda media comunitaria. Así, se en Galicia no ano 1986 o índice do

PIB per cápita con respecto á media comunitaria estaba arredor do 60%, no ano 2009 superaba o 90%.

c) En qué forma cre que Galicia pode acadar un maior peso político na defensa dos seus intereses ante as institucións europeas?

Galicia, polas súas características socioeconómicas, vese moi afectada polas decisións europeas que teñen moitas competencias en sectores clave da nosa economía. Por conseguinte, é necesario un papel activo ante as institucións europeas das autoridades galegas e españolas.

O goberno galego defende estes intereses por moi diversas vías. Está en continuo contacto coas institucións europeas. Son numerosas as visitas do seu Presidente, de Conselleiros e Directores Xerais a Bruxelas para atoparse con responsables comunitarios. Un exemplo é a visita do Presidente Feijóo en febreiro do 2015 a varios dos novos Comisarios europeos ou a súa intervención o 9 de setembro no Sexto Foro da Cohesión.

No Comité das Rexións, a Xunta está a ser especialmente activa, liderando ditames en materia de política rexional e cooperación ao desenvolvemento (catro no recentemente concluído mandato 2009-2014), e contribuíndo decisivamente á elaboración doutros ditames para defender a citada rede de seguridade e chamar a atención sobre as especificidades demográficas de certas rexións.

A Xunta de Galicia mediante o seu continuo diálogo co Goberno Central defende tamén os intereses galegos en Europa. Así mesmo, actúa no marco colectivo da Conferencia para asuntos relacionados coa UE (CARUE). Ademais, na pasada lexislatura, no seo do Consello da UE en materia pesqueira, Galicia consolidouse

como interlocutor privilexiado acompañando ao Goberno central.

Por outra banda, Galicia ao longo destes anos está a desenvolver unha importante actividade a través de redes de cooperación rexional xa consolidadas, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, a Asemblea de Rexións Fronteirizas ou a Rede de Rexións Europeas polo I+D+I e tamén segue fortalecendo a “Euro-rrexión” coa súa veciña do Norte de Portugal.

A actuación dos eurodeputados segue sendo importante, tanto máis canto que o Parlamento, tras o Tratado de Lisboa, legisla en pé de igualdade co Consello. Desde o Partido Popular non só defendo eu, como eurodeputado galego, os intereses de Galicia, senón que todos os meus compañeiros, nas súas respectivas Comisións, velan tamén por eles.

Finalmente, quero subliñar o relevante papel que desempeña a oficina en Bruxelas da Fundación Galicia-Europa, que leva máis de 25 anos asesorando a Galicia no terreo comunitario e contribuíndo a facer ouvir a súa voz na capital comunitaria.

d) Cómo e en qué medida considera que afectarían a Galicia o actual contexto de crise socioeconómica e os eventuais cambios políticos e electorais previstos para Europa a curto e mediano prazo?

Vivimos unha profunda crise económica que afortunadamente estamos a deixar atrás. Hai xa un claro cambio de tendencia. España encabeza hoxe as taxas de crecemento da Unión Europea. A crise puxo de manifesto que as institucións europeas non contaban cos instrumentos axeitados para afrontala. Houbo que tomar medidas para colocar a Unión Económica ao nivel requirido pola Unión Monetaria. Galicia non estivo exenta da crise e aínda está a sufrir

algunhas das súas consecuencias. Pero tras estes anos tan difíciles, estamos xa na recuperación, o crecemento e a creación de emprego.

O mundo está globalizado e interconectado, pero a interdependencia é moito máis estreita no seo da UE e, especialmente, entre os países da zona euro. É evidente que os acontecementos políticos e económicos dun Estado membro repercuten nos outros, como estamos a vivir nos últimos anos. Respectando o dereito dos países europeos a elixir libremente aos seus gobernos, é evidente que non resulta indifereente que os éxitos electorais correspondan a forzas políticas comprometidas coa construción europea, cos valores europeos, coa liberdade, a igualdade, a solidariedade e o respecto dos dereitos humanos. A presenza destas forzas políticas europeístas nos gobernos europeos é un factor de estabilidade e de garantía de afondamento no proceso de integración. Non así as forzas extremistas e populistas, antieuropeas.

A UE desempeñou un papel moi importante asegurando a paz, a liberdade e a prosperidade dos europeos tras a Segunda Guerra Mundial. Trouxo unha moeda única e un gran espazo sen fronteiras, dos que nin as nosas empresas, nin os nosos cidadáns poderían hoxe prescindir. A UE promove tamén a cohesión entre os Estados membros e as súas rexións para asegurar un desenvolvemento sostible. A pesar das súas insuficiencias, a construción europea segue sendo necesaria, tamén polo contexto internacional. Nun mundo multipolar e globalizado, de grandes forzas emerxentes, os europeos somos máis fortes unidos que separados.

José Blanco López

a) Qué prioridades observa para Galicia o seu grupo parlamentario de cara á nova lexislatura do Parlamento europeo 2014-2019?

A nova lexislatura non é unha lexislatura máis, nin polo propio Parlamento nin polo contexto. Nesta lexislatura, o Parlamento estrea unha posición de poderes reforzados, o que lle outorga máis peso nas políticas que se impulsan a nivel europeo. En canto ao contexto, tras unha lexislatura anterior marcada por unha política de austeridades desaforada, as esixencias establecidas polo grupo socialista na negociación das novas institucións lograron que en Europa se empece a falar de crecemento e investimento, fronte a austeridade.

O Plan de Investimentos de 315.000 millóns de euros ou a flexibilización na interpretación do Pacto de Estabilidade abren unha nova senda para políticas máis expansivas, cruciais para terras coma a nosa, afectadas por dinámicas regresivas tanto no plano demográfico como no económico. Na nova lexislatura, para Galicia seguirá sendo clave a implementación da nova política pesqueira común ou da política agraria común nun escenario de desaparición das cotas lácteas. Pero, sen dúbida, será fundamental para Galicia situarse estratexicamente dentro das apostas cruciais da nova Comisión, polo impulso da independencia enerxética e as infraestruturas de interconexión, polo desenvolvemento das redes transeuropeas de transporte e polo Mercado Único Dixital.

b) Cómo observa a situación de Galicia ante a Política de Cohesión 2014-2020?

Preocúpame a falta de implicación do Goberno galego, o desleixo incluso. Escoito falar de petición de fondos cando o Goberno galego

está por debaixo da media de execución dos fondos europeos do período anterior. Cómpre máis esforzo e eficacia. E cómpre non deixar de pasar o tren que se abre no plano loxístico, coa ampliación da Canle de Panamá. Galicia pode ser unha plataforma multimodal, que actúe de porta de entrada e saída das mercadorías de Europa. E para iso é necesario captar fondos dos programas de redes transeuropeas de transporte.

O Goberno socialista deixou os proxectos ferroviarios de Galicia nunha posición privilexiada para poder competir polos fondos comunitarios destinados a desenvolver eses corredores, que contarán cun financiamento comunitario de 28.000 millóns de euros ata 2020. Fondos polos que hai que pelexar nas convocatorias que vaia abrindo a Comisión, a primeira delas a punto de pecharse. Galicia ten que ser proactiva porque o seu desenvolvemento loxístico é imprescindible para gañar competitividade e abrir así unha nova dinámica de crecemento e emprego. Lamentablemente, decisións como o veto imposto polo PP na Xunta e no Goberno central ao dique flotante de Ferrol non axudan a situar o sector naval galego nas mellores condicións para ocupar unha posición de referencia no sector de reparacións.

c) En qué forma cre que Galicia pode acadar un maior peso político na defensa dos seus intereses ante as institucións europeas?

Desde logo, demostrando eficacia na execución en tempo e forma dos fondos europeos obtidos e non por debaixo da media; reforzando a presenza institucional de Galicia en Europa, mais tamén reforzando o traballo como lobby dos eurodeputados galegos, tal e como propuxen na campaña. Desde logo, como eurodeputado galego, boto en falta comunicación

coa Xunta de Galicia na defensa dos temas de país, aínda que non me estraña tras comprobar que a Xunta nin alegou o expediente de prohibición de redes de deriva, deixando ao sector do xeito á súa sorte.

d) Cómo e en qué medida considera que afectarían a Galicia o actual contexto de crise socioeconómica e os eventuais cambios políticos e electorais previstos para Europa a curto e mediano prazo?

É evidente como está afectando a Galicia o actual contexto de crise: un aumento do paro do dobre que no resto do Estado, unha caída da produción industrial catro veces maior que na media; caída do comercio minorista; recorte da inversión en I+D+i... Desde logo, o novo enfoque polo que os socialistas pelexamos en Europa e que está detrás do xiro favorable ao investimento e ao crecemento económico terá efectos positivos en Galicia, sempre e cando Galicia abandone a estratexia austericida do Goberno do Partido Popular, que non fixo senón acelerar as dinámicas regresivas da crise económica.

Ana Miranda

a) Qué prioridades observa para Galicia o seu grupo parlamentario de cara á nova lexislatura do Parlamento europeo 2014-2019?

O BNG participa nesta lexislatura europea dun amplo abano de relacións europeas no Parlamento Europeo, que nos permite a experiencia e o traballo dos anos precedentes poder exercer relacións internacionais de Nación no Parlamento Europeo. Nesta lexislatura pois, como organización política integrante da Alianza Libre Europea (ALE) formaremos parte

deste grupo, que xunto cos Verdes europeos configura o grupo Verdes-ALE da Eurocámara. Ao mesmo tempo, como parte da coalición “Os Pobos Deciden”, e xa de antes, temos unha extensa rede de contactos no Grupo denominado GUE (Esquerda Unida Europea-Esquerda Verde Nórdica) e tamén con representantes de diferentes nazóns europeas doutros grupos parlamentares, xa que nosa visión de traballo vai máis lonxe dunha visión parlamentar en sentido estrito, senón como unha representación internacional da Nazón galega.

As prioridades son a defensa dos intereses galegos nas políticas comúns que se decidan en Bruxelas sobre Galiza, que son varias, incluíndo por suposto a defensa dos sectores produtivos intensamente. Unha defensa da protección medio ambiental e da conservación da natureza galega, agredida unha e outra vez por Gobernos obcecados co desarrollismo incontrolado, e traballar xunto con outros Pobos europeos contra estas políticas de austeridade acuciantes que eliminan dereitos sociais, liberdades e queren condenar a pobos como o galego a mal vivir, sendo un Pobo rico, máis empobrecido por diferentes decisións irracionais.

b) Cómo observa a situación de Galiza ante a Política de Cohesión 2014-2019?

Unha situación de conformismo pola parte do Goberno galego que, malia ter perdido 2.500 millóns de euros neste período, presenta a situación actual como un triunfo. A política de cohesión europea puido ser unha oportunidade positiva para Galiza, dende o punto de vista coa converxencia coa media de renda europea e a mellora das infraestruturas vitais para o País enteiro, máis o desleixo, a infrautilización de fondos, a corrupción e a falla de priorización do fin para o que debían ser empregados, provo-

cou que se produzan situacións tan paradoxais como que o saneamento integral das Rías galegas non estea rematado en 2015!, despois de aperceber varias veces e ter xa un procedemento aberto contra o Estado pola falla de depuración. Dende o Parlamento Europeo, noso grupo promoveu a visita da delegación da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo co motivo do exame das Rías galegas e o que vimos, despois de ver evidencias da falla de cumprimento, foi unha componenda PP-PSOE para que un informe, crítico e transparente e que aportaba solucións, non fóra aprobado, todo por lavar a cara e devolverse favores. Saneamento, banda ancha, infraestruturas realistas, protección medio ambiental. Mal empregados, como mesmo están a destapar tramas corruptas co uso dos fondos en formación.

Agora estamos nun novo período de aplicación de fondos que, por certo, tiveron a sorte de debater e votar na Eurocámara como membro da Comisión de Política Rexional entre 2012 a 2013, no que noso grupo parlamentar introduciu dous elementos que son os que consideramos importantes no BNG para este período: que os fondos prioricen a loita contra a pobreza e a exclusión social e políticas activas de creación de emprego, e que se tivera en conta algo que é transcendental neste momento para Galiza, a situación demográfica. Os fondos deben contribuír a que non continúe esta esmagadora fuga de talento, esta expatriación da mocidade, de traballadoras e traballadores xa de todas as idades, ademais de xente nova, e tamén no combate a unha situación que debía ser cuestión maior na política galega, porque o mapa de prospección 2050 da Comisión que elaborou ESPON⁽⁵⁾, as cifras son desalentadoras, e as con-

(5) <http://www.espon.eu/main/>

dicións económicas e laborais están impedindo a natalidade, e favorecendo, mesmo alentando o Goberno, a fuxida do País, e iso é intolerable. Estamos advertindo á Comisión de ambas prioridades, a da pobreza e a demográfica para que teña moi en conta neste novo período.

c) En qué forma cre que Galiza pode acadar un maior peso político na defensa dos seus intereses ante as institucións europeas?

Preparando unha estratexia de Paradiplomacia nas institucións europeas, con incidencia constante, con anticipación e con integración. Agora vemos como a estratexia está deslabazada, como non hai política exterior galega, quére-na ter no perfil baixo para non molestar no centro, moi segundo os ditados do Ministro García Margallo que xa dicía que non debía existir política exterior de entidades “infraestatais” como el dixo. Galiza é unha Nación, aquí, en Europa e no Mundo, como xa dicía Plácido Castro naquelas sabias palabras pronunciadas xa hai moitos anos máis vixentes e non podemos renunciar a esa estratexia paradiplomática exterior na que se nos vai a vida e o futuro. Porque, ao fin e ao cabo, case todas as decisións, xa, son decididas en Bruxelas, directa ou indirectamente, e o peso de Galiza é escaso. Sendo eurodeputada tentei facer o posible para coordinar cousas en clave de País, máis, cousas da vida, o Goberno galego nunca veu unha potencialidade nos eurodeputados e eurodeputadas galegas máis que para ter seus acólitos partidarios, no canto de velo como unha oportunidade de defender ao naval, á pesca, o sector lácteo, os fondos europeos, como fan por exemplo galeses e escoceses. O BNG no Parlamento Europeo traballa nesas claves, de sumar e de negociar en favor de Galiza con quen sexa necesario, no canto de discriminar porque non pertences ao mesmo partido.

Creo sinceramente que entidades como o Igadi poderían facer moito para coordinar esa estratexia exterior galega, como sociedade civil, xa que o Goberno non ten estratexia, e para iso sempre estaremos abertos.

d) Cómo e en qué medida considera que afectarían a Galiza o actual contexto de crise socioeconómica e os eventuais cambios políticos e electorais previstos para Europa a curto e medio prazo?

A crise xa está afectando ferozmente, con políticas destrutoras de emprego e de servizos públicos, aplicadas por gobernos conservadores e algúns mesmo non tanto ideoloxicamente pero si na práctica, que executan estritamente o neoliberalismo financeiro e asocial, tratando ás sociedades europeas como números no canto de preocuparse polos 80 millóns de pobres en Europa, pola existencia en aumento da pobreza infantil nun continente onde era impensable, cunhas políticas austericidas que desmontan servizos básicos para os cidadáns e non permiten a supervivencia, continuidade ou fundación do tecido produtivo. Eses gobernos non valen porque non solucionaron os problemas da xente, e por iso son necesarios cambios, do local ao europeo, que nos permitan exercer a soberanía como Pobos, que restauren e/ou instalen servizos básicos, que lle devolvan á xente o que é seu. Galiza está sufrindo profundamente esta crise, porque afecta no cerne do noso sector produtivo con gran dureza, con expulsión de persoas dos sectores produtivos sen alternativas e conseguinte emigración forzosa, e sobre todo con desleixo dos poderes, públicos e económicos, como vimos en recentes decisións gobernamentais, financeiras, empresarias. Ou aprendemos a querernos como Pobo e a defender que somos un País rico, pero empo-

brecido por estas políticas apáticas, asociais e destrutoras, ou imos mal e dende logo, nós como nacionalistas que amamos a esta País e á súa xente, non imos permitir que se nos roube todo, o dereito a producir, a vivir aquí e a existir como Pobo galego e europeo que somos.

Autores/as

José Blanco López

Partido Socialista de Galicia (PSdG) – Grupo da Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas



Celso Cancela Outeda

é profesor de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Vigo



Constantino Cordal Rodríguez

é profesor da Área de Ciencia Política e da Administración, Universidade de Vigo)



Jesús Gamallo Aller

é Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE



Valentín García Gómez

é Secretario xeral de Política Lingüística



Daniel González Palau

é secretario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**Álvaro Xosé López Mira**

é profesor Titular de Ciencia Política e da Administración na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo

**Xoán López Facal**

é economista

**Francisco Millán Mon**

Partido Popular de Galicia (PPdG) – Grupo do Partido Popular Europeo

**Ana Miranda**

Bloque Nacionalista Galego (BNG) – Alianza Libre Europea (ALE)



Alba Nogueira


é profesora de Dereito Administrativo na
Universidade de Santiago

**David Reinero**

é xornalista

**Pilar Rojo Noguera**

é Presidenta do Parlamento de Galicia,
Presidenta da CALRE 2014 e vicepresidenta da
CALRE 2015

**Enrique José Varela Álvarez**

é Profesor do Grao en Dirección e Xestión Pública
(UVIGO)

**Xulio Ríos Paredes**

é director do IGADI

